



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 344  
1 de agosto de 2018

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

##### 1.5.1. De ámbito autonómico galego

##### 1.5.1.2. Consello de Contas

##### 1.5.1.2.3. Memoria de actividades

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2018, polo que se admite a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que se remiten a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2017 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2016 (doc. núm. 33638; 10/MCON-000002; 10/ICON-000003) [111839](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

#### 1.5.1. De ámbito autonómico galego

##### 1.5.1.2. Consello de Contas

##### 1.5.1.2.3. Memoria de actividades

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 30 de xullo de 2018, polo que se admite a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que se remiten a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2017 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2016 (doc. núm. 33638; 10/MCON-000002; 10/ICON-000003)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 33638, o escrito do Consello de Contas de Galicia relativo á Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio 2017 e os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes ao exercicio 2016.

A Mesa, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1º. A cualificación e admisión a trámite da Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2017 e dos informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016), aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia e remitidos a este Parlamento en cumprimento do disposto nos artigos 19, 20 e 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 62 do seu Regulamento de réxime interior (doc. núm. 33638).

2º. A remisión da documentación presentada aos grupos parlamentarios.

3º. A publicación da referida documentación na páxina web do Parlamento de Galicia.

4º. A publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2017

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Consello de Contas  
de Galicia



## **MEMORIA DE ACTIVIDADES**

**EXERCICIO 2017**

## ÍNDICE

<b>MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2017</b> .....	<b>3</b>
<b>MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2017</b> .....	<b>5</b>
<b>I. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>5</b>
<b>II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO</b> .....	<b>6</b>
II.1. COMPOSICIÓN .....	6
II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS .....	8
II.2.1. Normativa .....	8
II.2.2. Convenios de colaboración .....	13
II.2.3. Posta en marcha da sede electrónica do Consello de Contas .....	14
II.2.4. Protección de datos de carácter persoal .....	14
<b>III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN</b> .....	<b>15</b>
III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA .....	15
III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2017.....	16
III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS .....	18
<b>IV. PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN</b> .....	<b>19</b>
<b>V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL DERIVADA DOS INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS</b> .....	<b>21</b>
<b>VI. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS</b> .....	<b>21</b>
VI.1. PERSOAL.....	21
VI.2. FORMACIÓN .....	24
VI.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO .....	25
VI.3.1. Arquivo e xestión documental.....	25
VI.3.2. Biblioteca e centro de documentación.....	27
VI.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA .....	29
VI.4.1. Novas funcionalidades e adaptacións de aplicacións corporativas.....	29
VI.4.2. Novos proxectos corporativos .....	29
VI.4.3. Configuración e soporte de sistemas.....	30
VI.4.4. Atención aos usuarios .....	30
<b>VII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL</b> .....	<b>31</b>
<b>VIII. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS</b> .....	<b>33</b>
VIII.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA.....	33

VIII.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS – INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	33
<b>IX. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2017 .....</b>	<b>34</b>
IX.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS .....	34
IX.1.1. Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos .....	34
IX.1.2. Obrigas e pagamentos .....	35
IX.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS .....	38
IX.2.1. Previsións iniciais, dereitos e recadación .....	38
<b>X. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.....</b>	<b>38</b>
X.1. OBXECTIVO E ALCANCE.....	38
X.2. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS.....	40
<b>APÉNDICES .....</b>	<b>43</b>

## MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2017

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 50 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2017, integrada polos seguintes documentos:

Documentos
Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2017
Contas anuais do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2017
Informes de fiscalización
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, exercicio 2016, que inclúe a Declaración definitiva sobre o seu exame e comprobación
Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2016
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2016
Informe de fiscalización da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia, exercicio 2016
Informe de fiscalización de Fondos europeos, exercicio 2016
Informe de seguimento de recomendacións ás fundacións sanitarias públicas (Medicina Xenómica, Ingo e Fegas)
Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas, exercicios 2015-2016
Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes
Informe de fiscalización da tesouraría da Administración Xeral, exercicios 2014-2016
Informe de fiscalización selectiva sobre a farmacia hospitalaria, exercicios 2014-2016

Faise constar que con data 9 de febreiro de 2018 foron remitidos ao Parlamento de Galicia os informes que a continuación se relacionan e que se atopan pendentes da comparecencia do Conselleiro maior á data da aprobación da presente memoria:

<b>Informes de fiscalización remitidos ao Parlamento o 9 de febreiro de 2018</b>
Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI), exercicio 2015
Informe de fiscalización do Concello do Barco de Valdeorras, exercicio 2013
Informe de fiscalización do Concello de Oleiros, exercicio 2013
Informe de fiscalización do Concello de Santiago de Compostela, exercicio 2013
Informe de fiscalización do Concello de Marín, exercicio 2013
Informe de fiscalización sobre a estabilidade orzamentaria das Corporacións Locais de Galicia, exercicio 2014
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Vigo, exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello da Coruña , exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Ferrol , exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Lugo, exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Santiago de Compostela, exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Ourense, exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Pontevedra, exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación da Coruña , exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación de Lugo, exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación de Ourense , exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación de Pontevedra , exercicios 2014-15
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, exercicios 2014-15





## MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2017

### I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985, modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro, e pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, regula a súa organización e funcionamento.

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuízamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Cuentas.

Por Acordo do 23 de febreiro de 2017 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia aprobouse o Regulamento de réxime interior da Institución, ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das actividades do Consello de Contas produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009, 2013, 2015 e 2016 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, incide sobre a finalidade de reforzar as competencias deste órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Pola súa relevancia, destacamos algunhas das novidades que presenta esta nova regulación:

Atribúenselle ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma, creando unha nova sección no Consello de Contas, a de Prevención da Corrupción, que estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e asistida por todo o persoal do Consello.

No ámbito da fiscalización, adiántase a data de rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que queda fixada no 30 de setembro; ademais, o Consello asume a competencia de fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector

público autonómico e refórzase o mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións de persoas físicas ou xurídicas.

No ámbito consultivo, ábrese a vía para que o Consello, a petición dos órganos competentes, poida emitir informes facultativos que unifiquen os criterios que permiten levantar os reparos que no ámbito da Administración local e en materia económico-financeira se poidan presentar. Ademais, o Consello pasa a ser a institución asesora da Cámara lexislativa en materia económico-financeira e asume a competencia de responder as consultas que se lle formulen sobre a execución e liquidación dos orzamentos autonómicos, así como sobre os proxectos normativos que afecten os ingresos e os gastos públicos.

## **II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **II.1. COMPOSICIÓN**

A composición orgánica do Consello de Contas é a establecida polo artigo 6 da Lei 6/1985, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto. Segundo o disposto nesa norma, son órganos da Institución de control externo: o Pleno; o conselleiro ou conselleira maior; a Comisión de Goberno; as Seccións de Fiscalización, de Axuizamento, e de Prevención da Corrupción; os conselleiros e conselleiras; e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos detállanse nos artigos comprendidos entre os números 7 ao 11 do devandito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, axuizamento e prevención da corrupción, xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, as atribucións do conselleiro maior consisten na representación institucional, convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, e na xestión interna, exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras. A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

Durante o exercicio non se produciron tomas de posesión ou cesamento de conselleiros ou conselleiras. O cargo de secretario/a xeral, vacante ao 1 de xaneiro de 2017, foi desempeñado accidentalmente polo auditor don Manuel José Santana Suárez ata o 10 de xullo de 2017, data da toma de posesión da secretaria xeral nomeada por acordo do Pleno do 27 de xuño de 2017.

A 31 de decembro de 2017, a composición dos órganos do Consello é a seguinte:

### **O Pleno:**

Presidente: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López  
Vogais: Excma. Sra. dona Ana María Otero López  
Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez  
Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto  
Excma. Sra. dona Beatriz Rodríguez Fraga  
Secretaria: Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz

Durante o exercicio 2017 o Pleno do Consello de Contas reuniuse en 17 sesións.

### **Comisión de Goberno:**

Presidente: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López  
Vogais: Excma. Sra. dona Ana María Otero López  
Excma. Sra. dona M<sup>a</sup> Begoña Villaverde Gómez  
Secretaria: Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz

Durante o exercicio 2017 a Comisión de Goberno reuniuse en 12 sesións .

### **Sección de Fiscalización**

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida pola conselleira dona María Begoña Villaverde Gómez.

Durante o exercicio 2017 a Sección de Fiscalización reuniuse en 14 sesións.

### **Sección de Axuizamento**

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida pola conselleira dona Ana María Otero López.

### **Sección de Prevención da Corrupción**

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida polo conselleiro maior don José Antonio Redondo López.

A adscrición dos conselleiros ás diferentes áreas prodúcese do seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
- Área do Sergas: Excma. Sra. dona Ana María Otero López
- Área de Institucional: Excma. Sra. dona Beatriz Rodríguez Fraga
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto
- Área de Corporacións Locais: Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez

Como apéndice 1 a esta memoria, xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das Seccións de Fiscalización, Prevención da Corrupción e Axuizamento e outro da Secretaría Xeral.

## II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

No exercicio 2017, a actividade dos órganos colexiados, en número de sesións celebradas reflíctese no seguinte cadro:

### Número de sesións dos órganos colexiados

Órganos colexiados	Núm. de sesións
Pleno	17
Comisión de Goberno	12
Sección de Fiscalización	14
Sección de Axuizamento	--
Sección de Prevención da Corrupción	1
<b>Total sesións</b>	<b>44</b>

Pola súa relevancia, desagregáanse no seguinte cadro o número de asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno tendo en conta as materias ás que afectan:

### Asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno

Asunto/materia	Núm. de asuntos
Aprobación informes de fiscalización	31
Normativa	8
Medidas orzamentarias	5
Medidas en materia de persoal/RPT	4
Plan anual de traballo	1
Autorización de convenios	3
Acordos sobre comunicacións ou denuncias	18
Coñecemento escritos Tribunal de Contas	59
Outros asuntos	11
<b>Total asuntos</b>	<b>141</b>

### II.2.1. NORMATIVA

#### Modificación da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia

O Pleno do Consello, na sesión do 3 de xullo de 2017, acordou impulsar unha convocatoria extraordinaria de consolidación de emprego a oito prazas de auxiliar administrativo desempeñadas interinamente. A dita convocatoria requiría habilitación previa con rango de lei.

A iniciativa culminou co artigo 7 da Lei 9/2017, do 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas que modifica a Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia engadindo unha disposición transitoria terceira que autoriza ao Consello, con carácter extraordinario e por unha soa vez, a convocar un proceso selectivo polo sistema de concurso-oposición.

## **Regulamento de réxime interior do Consello de Contas**

O Pleno do Consello de Contas aprobara na sesión do 15 de xullo de 2016 o texto do proxecto dun novo regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia que mellorase e adaptase aos cambios normativos o regulamento do ano 1992. Tras a oportuna tramitación parlamentaria, o proxecto foi aprobado pola Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o 23 de febreiro de 2017 sendo obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia o 7 de marzo.

O regulamento, ademais de desenvolver de forma pormenorizada a función de fiscalización e regular as novas funcións consultivas e de prevención da corrupción, marca novos retos de tipo organizativo, de planificación e de procedemento que o Consello comezou a abordar de xeito inmediato, como a posta en marcha da Comisión de Prevención da Corrupción; o desenvolvemento dunha ordenación de RRHH; a elaboración dun código ético-institucional do Consello de Contas; ou o desenvolvemento de manuais e guías de fiscalización.

O novo regulamento delimita a natureza, funcións e principios de actuación do Consello de Contas, recolle os aspectos organizativos, destacando a regulación da nova Sección de Prevención da Corrupción, e establece normas procedimentais sobre a planificación de actuacións, o deber de colaboración, as funcións de fiscalización e prevención da corrupción, e o resto das funcións atribuídas ao Consello de Contas. Por último, dedica un título ao persoal e á organización administrativa, pechando o regulamento o réxime de relacións institucionais.

## **Catálogo de procedementos electrónicos**

Simultaneamente á posta en marcha da Sede electrónica do Consello de Contas, o Pleno aprobou o primeiro Catálogo de Procedementos Electrónicos por acordo do 24 de marzo de 2017. Ao dito catálogo incorporáronse dous novos procedementos por acordo do 15 de decembro de 2017.

O catálogo de procedementos electrónicos regulados e dispoñibles na sede do Consello de Contas son os seguintes:

- Solicitudes xenéricas
- Solicitudes de acceso á información pública
- Comunicacions e denuncias
- Remisión de contratos
- Remisión de convenios
- Remisión de documentación solicitada no curso das fiscalizacións de cada área.
- Remisión de plans e informes de Auditoría e Control Financeiro.

- Remisión de información nas avaliacións e seguimento dos sistemas de prevención da corrupción.

### **Protocolo para a tramitación de comunicacións e denuncias**

En desenvolvemento dos artigos 65 e 66 do Regulamento de réxime interior o Pleno do Consello aprobou o Protocolo para a tramitación de comunicacións e denuncias, na súa sesión do 3 de xullo de 2017.

### **Guías prácticas de fiscalización**

As Institucións de Control Externo (ICEX), formadas polo Tribunal de Contas e os Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas –OCEX-, asumiran o reto estratéxico de desenvolver un marco de normas técnicas e procedementos harmonizados, que favorecese unha maior homoxeneidade nos informes de fiscalización e estivesen en liña con pronunciamentos internacionais.

Os presidentes das ICEX acordaron o 30 de outubro de 2012 crear unha Comisión Técnica de Normas e Procedementos, baixo a presidencia da Sección de Fiscalización do Tribunal de Contas, co fin de adaptar á normativa española as Normas Internacionais das Entidades Fiscalizadoras Superiores (ISSAI), aprobadas por INTOSAI (*International Organisation of Supreme Audit Institutions*).

Despois dos traballos da Comisión Técnica e unha vez aprobadas en sucesivas Conferencias de Presidentes de ASOCEX (Asociación dos Órganos de Control Externo), o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2014, acordou aprobar a aplicación nesta Institución da adaptación das normas internacionais de auditoría do sector público, de nivel III, introdución das ISSAI-ES<sup>1</sup> 100 a 400, ISSAI-ES 100, ISSAI-ES 200, ISSAI-ES 300 e ISSAI-ES 400, e as de nivel IV, ISSAI-ES 1000, ISSAI-ES 1003 e ISSAI-ES 1700, que constitúen os principios fundamentais de fiscalización do sector público e que serán de aplicación para todas as auditorías que se inicien desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG do 5 de febreiro de 2015).

Desde entón a Comisión Técnica elaborou, en desenvolvemento das ISSAI-ES, determinadas Guías prácticas reguladoras dos procedementos de fiscalización dos OCEX que durante os exercicios 2015, 2016 e 2017 foron presentadas e aprobadas en diversas reunións da Conferencia de Presidentes de ASOCEX para a súa aplicación.

Na sesión que tivo lugar o día 15 de decembro de 2017 o Pleno do Consello dispuxo a aplicación na Institución das seguintes guías prácticas de fiscalización:

---

<sup>1</sup> Adaptación das ISSAI á normativa española.



- GPF-OCEX 1220: Guía para o control de calidade das fiscalizacións dos OCEX.
- GPF-OCEX 1220: Anexo 2 - Control de calidade: Revisión do auditor encargado do traballo/técnico de auditoría.
- GPF-OCEX 1220: Anexo 3 - Control de calidade: auditor/a xefe/a.
- GPF-OCEX 1220: Anexo 4 - Control de calidade do equipo revisor da fiscalización.
- GPF-OCEX 1220: Anexo 5 - Control de calidade do equipo revisor do informe.
- GPF-OCEX 1230: A documentación dunha fiscalización. Guía para a preparación dos papeis de traballo.
- GPF-OCEX 1240: Responsabilidade do/a auditor/a na fiscalización con respecto á fraude.
- GPF-OCEX 1250: Consideración das disposicións legais e regulamentarias na auditoría de estados financeiros.
- GPF-OCEX 1300: Guía sobre a planificación dunha fiscalización.
- GPF-OCEX 1315: Identificación e valoración dos riscos de incorrección material mediante o coñecemento da entidade e da súa contorna.
- GPF-OCEX 1316: O coñecemento requirido do control interno da entidade.
- GPF-OCEX 1317: Guía para a identificación e valoración dos riscos de incorrección material.
- GPF-OCEX 1320: Guía sobre a importancia relativa nas auditorías financeiras.
- GPF-OCEX 1330: Respostas do/a auditor/a aos riscos valorados.
- GPF-OCEX 1500: Evidencia de auditoría.
- GPF-OCEX 1520: Procedementos analíticos.
- GPF-OCEX 1730: Preparación de informes de auditoría sobre os estados financeiros.
- GPF-OCEX 1805: Preparación de informes de auditoría financeira. Consideracións especiais. Auditorías dun só estado financeiro ou dun elemento, conta ou partida específicos dun estado financeiro.
- GPF-OCEX 4001: As fiscalizacións de cumprimento da legalidade e modelos de informes.
- GPF-OCEX 4320: Guía sobre a importancia relativa nas fiscalizacións de cumprimento da legalidade.
- GPF-OCEX 1530: Mostraxe de auditoría.
- GPF-OCEX 1560: Feitos posteriores.
- GPF-OCEX 1570: Xestión continuada.
- GPF-OCEX 1701: Comunicación das cuestións clave da auditoría no informe de auditoría.
- GPF-OCEX 1735: As recomendacións e o seu seguimento.
- GPF-OCEX 5300: Directrices de auditoría.
- GPF-OCEX 5311: Ciberseguridade.

— GPF-OCEX 5312: Glosario de ciberseguridade.

### **Aprobación do Código Ético Institucional do Consello de Contas de Galicia**

O 13 de novembro de 2017, o Pleno do Consello de Contas de Galicia aprobou o seu Código Ético Institucional, publicado no DOG núm. 234, do 12 de decembro.

A súa aprobación enmárcase na crecente preocupación social pola calidade e a transparencia das institucións públicas e pola prevención e loita contra a corrupción. O artigo 5 bis da Lei 6/1985 outorga ao Consello de Contas competencias en materia de prevención da corrupción que comprenden, entre outras atribucións, o fomento dunha cultura cívica a favor da transparencia e o comportamento ético no sector público. En consecuencia, o Consello asume un papel de liderazgo ético que se debe corresponder cun comportamento exemplarizante da Institución, cuxas actuacións non poden ser percibidas como incoherentes cos principios e valores éticos que defende.

O código establece estes principios e valores, así como as responsabilidades e compromisos éticos dos empregados da Institución para alcanzar os obxectivos institucionais e fai un particular fincapé na exemplaridade da conduta e no óptimo desempeño dos seus membros e do persoal ao seu servizo.

Configúrase como un complemento necesario para reforzar a práctica profesional derivada dos principios e normas de auditoría pública aplicables ao Consello de Contas, co fin de mellorar os seus estándares técnicos e a independencia, imparcialidade e competencia do persoal da Institución.

O Código, cuxos principios comparte con todas as institucións públicas de control, ten como obxectivos:

- Desenvolver modelos e pautas de conduta ética e responsable que deben guiar a todo o persoal do Consello de Contas no exercicio da súa actividade.
- Prever a comisión de comportamentos inadecuados no desempeño da súa actividade profesional.
- Establecer os mecanismos de seguimento e control necesarios para garantir o seu cumprimento.

Con esta última finalidade créase un Comité de Ética responsable de velar polo seu cumprimento e que está formado polos seguintes membros:

- Dona Ana María Otero López. Conselleira da Área do Sergas.
- Dona Beatriz Rodríguez Fraga. Conselleira da Área de Institucional.





- Don Luís Míguez Macho. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dona Esperanza Rodríguez Boente. Profesora contratada-doutora de Filosofía do Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
- Don Andrés Alonso García, auditor da Área de Coordinación.

Por último, ponse a disposición de todo o persoal unha canle de comunicación que garante a confidencialidade de quen desexe utilizala para realizar consultas e suxestións, ou ben para informar sobre posibles vulneracións ou incumprimentos do Código.

### **Proxecto de acordo polo que se crea e se regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental**

En cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, o Pleno aprobou o texto do proxecto de acordo polo que se crea e regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental do Consello de Contas de Galicia. Tras a oportuna tramitación o proxecto foi aprobado por acordo do 2 de febreiro de 2018 e publicado no Diario Oficial de Galicia do 23 de febreiro de 2018.

### **Acordo polo que se aproban as normas de funcionamento da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción (CTPC)**

En desenvolvemento do artigo 16.2 do Regulamento de réxime interior do Consello aprobáronse as Normas de funcionamento da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción.

### **Instrucións**

No ámbito da fiscalización das entidades locais, o Consello aprobou a Instrución relativa á remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos convenios e da relación anual dos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia e adaptación do proxecto de addenda de convenio a asinar co Tribunal de Contas (sesión do 08.02.2017).

## **II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN**

Durante o exercicio 2017 asináronse os seguintes convenios:

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Consello de Contas de Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (sesión do 08.02.2017).
- Convenio de colaboración entre o Consello de Contas e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de alumnos do máster universitario en dirección e xestión contable e financeira (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais) (sesión do 08.02.2017).

- Addenda ao convenio de colaboración subscrito entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Constas Xerais das Entidades Locais, pola que se amplía o seu alcance ao envío da documentación relativa aos expedientes de contratación de ditas entidades e aos convenios formalizados por elas. (sesión do 08.02.17).

### **II.2.3. POSTA EN MARCHA DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONSELLO DE CONTAS**

Tras a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que recoñecera o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por procedementos electrónicos, a Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións públicas estableceu a exclusividade desta canle en determinados supostos, sistematizou a regulación e afondou na axilización dos procedementos con pleno funcionamento electrónico.

Para posibilitar o exercicio das comunicacións electrónicas, o Consello de Contas creara e regulara o funcionamento do seu rexistro electrónico mediante acordo do Pleno do 23 de decembro de 2011; implantara a rendición de contas do subsector público local en soporte electrónico e procedemento telemático por acordo do Pleno do 3 de maio de 2011; e por Acordo do Pleno do 22 de abril de 2014 aprobara a creación da sede electrónica do Consello de Contas de Galicia, do selo electrónico e do código seguro de verificación.

Por acordo do Pleno do 7 de abril de 2017, dispúxose a posta en marcha da sede electrónica do Consello de Contas e aprobouse o primeiro catálogo de procedemento xurídicos susceptibles de ser tramitados a través de medios electrónicos.

### **II.2.4. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Durante 2017, tomáronse os seguintes acordos en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Acordo polo que se crean, modifican e suprimen ficheiros de datos de carácter persoal do Consello de Contas de Galicia (sesión do 03.7.2017), que foi obxecto de publicación no DOG do 26 de xullo de 2017, dando desta forma cumprimento a previsión contida no artigo 20 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Acordo polo que se modifica un ficheiro de datos de carácter persoal do Consello de Contas de Galicia (sesión do 16.10.2017), que foi obxecto de publicación no DOG do 31 de outubro de 2017, dando así cumprimento a previsión contida no artigo 20 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



### III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN

#### III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a Lei 6/1985 sinala que o sector público galego está composto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes e as corporacións de dereito público.

Como órgano estatutario, que emana do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financieira e contable do sector público de Galicia, e as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten encomendada ademais a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse por iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, tendo en conta as súas recomendacións, e, no seu caso, as comunicacións ou denuncias recibidas.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verifícase se as actividades cumpren, en todos os aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financeira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable; e nas operativas, analízase se as entidades fiscalizadas se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia. Pódese dar o caso de que se combinen os distintos tipos de fiscalización.

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un anteproxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso como proxecto ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas, e ao Tribunal de Contas.

### **III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2017**

O Programa anual de actividades para o exercicio 2017 foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas na súa sesión do 19 de decembro de 2016 e remitido ao Parlamento de Galicia o día 30 do mesmo mes.

O Plan anual recolle as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas.

Tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións se prolonga máis alá de cada exercicio, cada ano o Pleno aproba informes referidos a distintos plans de traballo. De forma prioritaria aténdese respecto de cada Plan á execución e aprobación dos informes de Conta Xeral (programados en cumprimento dun mandato legal) referidos ás contas rendidas en setembro do exercicio anterior, aos efectos de acadar o obxectivo de achegamento da data dos informes ao ano fiscalizado, seguindo a recomendación que se ten feito desde a Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Durante o ano 2017 o Pleno do Consello aprobou, ademais da Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, un total de 31 informes, que se detallan no seguinte cadro:

**Informes de fiscalización aprobados en 2017**

Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2017	Aprobación polo Pleno	Envío ao Parlamento
Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2015	27-06-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración, exercicio 2015	27-06-2017	21-07-2017
Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2015	27-06-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2015	27-06-2017	21-07-2017
Informe da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia, exercicio 2015	27-06-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización dos Fondos europeos, exercicio 2015	27-06-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización de sobre a Contratación dos servizos de limpeza no ámbito hospitalario do Sergas, exercicio 2015	16-05-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, exercicio 2014	27-06-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización Traslado de pacientes en medios extraordinarios de transporte no urxente, exercicios 2008-2015	03-07-2017	21-07-2017
Informe sobre as contas rendidas no ano 2016 correspondentes ao exercicio 2015	16-05-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización do Concello de Narón, exercicio 2013	24-03-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización do Concello de Ferrol, exercicio 2013	27-06-2017	21-07-2017
Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI), exercicio 2014	08-02-2017	16-02-2017
Informe de fiscalización da Contratación do Sergas, exercicios 2012-2014	08-02-2017	16-02-2017
Informe de fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia, exercicios 2011-2013	18-01-2017	16-02-2017
Informe de fiscalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en particular das axudas en forma de aval, exercicios 2011-2013	18-01-2017	16-02-2017
Informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016	24-03-2017	24-03-2017
Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI), exercicio 2015	15-12-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, exercicios 2014-15	15-12-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización do Concello de Marín, exercicio 2013	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización sobre a estabilidade orzamentaria das Corporacións Locais de Galicia, exercicio 2014	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Vigo, exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello da Coruña , exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Ferrol , exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Lugo, exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Santiago de Compostela, exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Ourense, exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Concello de Pontevedra, exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación da Coruña , exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación de Lugo, exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación de Ourense , exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa Deputación de Pontevedra , exercicios 2014-15	21-11-2017	9-02-2018

Xunto cos informes anteriores, o Consello de Contas presentou ao Parlamento as súas contas anuais e a memoria de actividades correspondentes ao ano 2016.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2017 atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución [www.ccontasgalicia.es](http://www.ccontasgalicia.es). Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

### **III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS**

O artigo 24 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, establece que o procedemento para o exercicio da función fiscalizadora tamén se poderá iniciar de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do Regulamento de réxime interior regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable para os efectos de ampliar os feitos e cualificar, con maior coñecemento daqueles, a existencia de indicios desta responsabilidade.

O 3 de xullo de 2017 o Pleno do Consello de Contas aprobou o protocolo de actuacións a seguir para a tramitación de comunicacións e denuncias, establecendo as distintas respostas que se deban dar ás denuncias presentadas, podendo adoptar algunha ou varias das seguintes decisións:

- Arquivo das actuacións, por entender que a denuncia aborda cuestións que non se atopan dentro das competencias da Institución.
- Remisión ao Tribunal de Contas para o seu coñecemento en relación á posible esixencia de responsabilidades contables.
- Remisión á Fiscalía no caso de que os feitos denunciados puidesen dar lugar a responsabilidades penais.
- Desenvolvemento de actuacións complementarias para ampliar os feitos e cualificar a posible existencia de responsabilidades.
- Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados.



— Toma en consideración de cara á elaboración dos futuros plans de traballo.

No exercicio 2017 recibíronse 20 denuncias que foron obxecto de resolución polo Pleno, aínda que dúas delas no exercicio 2018. No cadro seguinte ofrécese información ao respecto dos acordos tomados polo Pleno en contestación ás denuncias presentadas:

**Acordos adoptados polo Pleno en relación coas denuncias presentadas**

Acordo do Pleno	Núm. de acordos
Arquivo das actuacións	8
Remisión ao Tribunal de Contas	1
Remisión á Fiscalía	0
Desenvolvemento de actuacións complementarias	0
Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados	6
Toma en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo	5
<b>Total acordos</b>	<b>20</b>

As seis denuncias presentadas que están incluídas nos plans de traballo aprobados se analizan nos seguintes informes de fiscalización:

- Informe de fiscalización das universidades públicas galegas, actualmente en tramitación.
- Informe de fiscalización sobre a estabilidade orzamentaria das corporacións locais de Galicia, exercicio 2014, que foi presentado ao Parlamento o 9 de febreiro de 2018.
- Informe de fiscalización das resolucións e acordos adoptados contrarios aos reparos formulados polas Intervencións dos concellos de poboación entre 10.001 e 20.000 habitantes, así como dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización, que se atopa en tramitación.
- Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas, exercicios 2012-2014, que se atopa en tramitación.
- Informe de fiscalización selectiva das fundacións do sector público galego, que se atopa en tramitación.
- Informe de fiscalización das resolucións e acordos adoptados contrarios aos reparos formulados polas Intervencións dos concellos de poboación entre 10.001 e 20.000 habitantes, así como dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización e o Informe sobre a avaliación do deseño e implantación de sistemas de prevención da corrupción nas entidades locais do tramo de poboación entre 10.001 e 20.000 habitantes, que se atopan ambos os dous en tramitación.

#### **IV. PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN**

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supuxo o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias,

entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

En desenvolvemento da Lei, aprobouse o Regulamento de réxime interior que no seu Capítulo IV do Título III regula e concreta o desenvolvemento dos elementos esenciais da función de prevención da corrupción. Este desenvolvemento trata de dotar de operatividade ao contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción, a través da concreción de instrumentos técnicos, procedementos de control, seguimento e avaliación, accións de concienciación no sector público, instrumentos de colaboración e, finalmente a posta en marcha da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción (CTPC).

Esta comisión está integrada por cinco auditores de cada unha das áreas de fiscalización e ten encomendadas, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a elaboración de guías e modelos de plans de prevención da corrupción.

No ano 2017 cabe destacar as seguintes actuacións levadas a cabo pola comisión:

- Elevou ao Pleno, para a súa aprobación, a proposta de borrador de normas de funcionamento da propia comisión e o proxecto de Código Ético Institucional.
- Elaborou e remitiu á Sección de Prevención da Corrupción, para a súa aprobación, o borrador do documento da Estratexia en materia de prevención da corrupción e do documento das Directrices técnicas para a avaliación do control interno das entidades públicas.
- Analizou o cuestionario de avaliación da transparencia na contratación das entidades instrumentais encadrado no plan de traballo do ano 2017 dentro das actuacións de prevención da corrupción.
- Finalmente elaborou tres propostas de protocolos de colaboración en materia de prevención da corrupción coa Fiscalía de Galicia, a Xunta de Galicia e a FEGAMP.

Por outra banda, a Sección de Prevención da Corrupción aprobou en 2017 os seguintes documentos:

1. *A Estratexia en materia de prevención da corrupción*, que contén a planificación estratéxica da Institución nesta materia para o período 2017-2020, e que se articula entorno a tres eixes:

- Eixe 1 que se refire á implantación de sistema de prevención e integridade, co obxectivo de garantir a adopción efectiva de programas de prevención polos entes públicos galegos,





actuando sobre os seguintes aspectos: a realización dun estudo diagnóstico dos sistemas de control interno; a proposta de plans integrais de prevención da corrupción conxuntamente coa realización de análises específicos por área de risco; e o acompañamento na súa implantación, avaliación e seguimento.

- Eixe 2, que incide na labor de asesoramento institucional para homoxeneizar principios e criterios en materia de prevención así como o fomento da adopción de instrumentos de prevención nas administracións públicas.
- Eixe 3, co que se pretende levar a cabo accións de sensibilización sobre as propias entidades públicas para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención, así como actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

2. As *Directrices técnicas para a avaliación do control interno nas entidades públicas*, que teñen por obxecto elaborar un modelo para avaliar a implantación dos sistemas de control interno das institucións do sector público autonómico, baseándose nos cinco compoñentes do control: O entorno de control, a avaliación de riscos, as actividades de control, a información e comunicación e a supervisión das actividades.

## **V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL DERIVADA DOS INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS**

No exercicio 2017 a Sección de Axuízamento do Tribunal de Cuentas abriu 7 procedementos de responsabilidade contable (diligencias preliminares que pasaron á fase xurisdiccional contable) derivados dos informes de fiscalización do Consello de Contas.

Neste exercicio non existiron no Consello de Contas actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Cuentas, ao non se producir ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido.

## **VI. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS**

### **VI.1 PERSOAL**

No ano 2017 o Pleno da Institución modificou a súa Relación de Postos de Traballo mediante Acordo do 7 de xuño de 2017 que foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 123, do 29 de xuño de 2017. Mediante o acordo creáronse catro postos de traballo de persoal funcionario parcialmente financiados coas dotacións procedentes da amortización de dous postos de persoal funcionario e un de persoal eventual.

Postos creados:

- Auditor-Director técnico de gabinete
- Auditor-técnico
- Técnico de Informática
- Técnico-xurídico

Postos amortizados:

- Axudante de auditoría
- Auxiliar administrativo
- Asesor técnico (persoal eventual)

Así mesmo, o acordo deu cumprimento ao disposto no artigo 17.5 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, na redacción dada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, que establece como procedemento ordinario de provisión de postos de traballo de persoal funcionario do Consello de Contas o concurso específico. Tras a modificación, unicamente os postos de Interventor e Letrado maior, ambos os dous de nivel 30, e o de Auditor-director técnico de gabinete de nivel 28, provense polo sistema de libre designación.

Durante o exercicio 2017 desenvolveuse o procedemento de provisión do posto de nova creación de Auditor-director técnico de gabinete:

Data convocatoria	Data resolución	Procedemento de provisión
16/10/2017 (DOG núm. 205 do 27/10/2017)	04/12/2017 (DOG núm. 241 do 21/12.2018)	Libre designación

Así mesmo, convocáronse en comisión de servizos tres postos de Auditor nivel 28 e dous de Técnico de Auditoría de nivel 26, aínda que un destes últimos quedou vacante ao denegar a Administración de orixe autorización para o traslado.

Finalmente, o 1 de xaneiro de 2017 nomeouse persoal eventual para desempeñar as funcións de secretario/a de conselleiro/a, en substitución do anterior, que cesara o 31 de decembro de 2016 por xubilación; o nomeamento recaeu na titular dun posto de auxiliar-administrativo da Institución.

O único cesamento rexistrado tivo lugar o 31 de maio de 2017 por pasar a prestar servizos noutra Administración pública un auditor de nivel 28.

A ocupación dos postos da RPT a 31 de decembro de 2017 era a seguinte:



Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Auditor/a, nivel 30	10	10	0
Interventor/a	1	1	0
Letrado/a maior, nivel 30	1	1	0
Letrado/a, nivel 28	1	1	0
Auditor/a, nivel 28	6	5	1
Auditor/a-director/a técnico/a de gabinete, nivel 28	1	1	0
Auditor/a-técnico/a, nivel 28	1	0	1
Xefe/a Servizo de Informática, nivel 28	1	1	0
Xefes/as de Sección, nivel 26	3	3	0
Técnico/a de Informática nivel 26	1	1	0
Técnico/a de Informática nivel 25	1	0	1
Técnico/a-xurídico/a, nivel 25	1	0	1
Técnicos/as de Auditoría, nivel 26	22	19	3
Axudantes de Auditoría, nivel 23	11	10	1
Axudante Arquivo e Biblioteca, nivel 22	1	1	0
Administrativo/a de Informática, nivel 22	1	1	0
Secretaria/o da/o secretaria/o xeral, nivel 18	1	1	0
Auxiliar-administrativo/a (secretario/a n. 30), nivel 16	2	1	1
Auxiliar-administrativo, nivel 16	15	(*)14	1
<b>Total persoal funcionario</b>	<b>81</b>	<b>71</b>	<b>10</b>

(\*) 8 Prazas ocupadas por persoal interino. Prevista a provisión definitiva polo procedemento de concurso-oposición pola disposición transitoria terceira da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, introducida polo artigo 7 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Persoal laboral			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Conductor/a de alto cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalerno/a	1	1	0
<b>Total persoal laboral</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>0</b>

Persoal eventual			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Secretaria/o	5	5	0
<b>Total persoal eventual</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>0</b>

No referente ao ámbito da negociación colectiva e da representación e participación do persoal, a Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario do Consello de Contas de Galicia constituída o día 15 de decembro do 2008, mantivo oito reunións durante o ano 2017, nas que se trataron diferentes asuntos da súa competencia.

## VI.2. FORMACIÓN

O 8 de xullo de 2008 asinouse un convenio de colaboración coa “Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público” (FIASEP). Coa firma deste convenio o Consello de Contas adquiriu a condición de entidade colaboradora de FIASEP, integrándose, en consecuencia, como membro de pleno dereito no Consello Superior de Actividades da fundación, ostentando a partir dese momento a facultade de nomear un representante no pleno do devandito consello, así como en todas as comisións creadas no seu seo. Así mesmo, a Institución acada un trato preferente no campo da formación impartida pola fundación, tanto mediante cursos de ámbito xeral como en termos de formación a medida para o persoal ao seu servizo.

No seguinte cadro reflíctense os cursos e outras actividades convocados pola FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2017:

### Cursos realizados en 2017

Cursos FIASEP	Núm. participantes
Normas de Auditoría Pública (on line)	1
Administración electrónica (on line)	1
Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (on line)	1
Curso de experto en compliance e administración (on line)	3
Curso xeral de contabilidade pública (on line)	5
Os servizos públicos locais mediante entes instrumentais (presencial)	3
<b>Total</b>	<b>14</b>

Así mesmo, coa participación da FIASEP e na sede da Institución, en virtude do convenio de colaboración coa mesma, o Consello de Contas organizou a actividade formativa “*Compliance* nas Administracións Públicas”, á que asistiron 50 funcionarios da Institución.

Por outra banda, 20 funcionarios da Institución asistiron aos “XII Encontros Técnicos e VII Foro Tecnolóxico dos órganos de Control Externo” organizados pola Sindicatura de Comptes de Cataluña e que tiveron lugar os días 28 e 29 de setembro en Barcelona, presentando comunicacións tres funcionarios do Consello de Contas.

### Outras actividades formativas realizadas en 2017

Actividades	Núm. participantes
XIX Congreso AECA: información corporativa	1
Jornada práctica <i>Compliance</i> penal (norma UNE 19601)	1
I Congreso galego de <i>Compliance</i>	2
Política de xestión de documentos electrónicos	1
Taller de políticas, planificación e estratexias en arquivos e bibliotecas	1
Xornada o patrimonio compartido. Colaboración aberta e institucións da memoria	1
Política de xestión de documentos públicos	1
II Xornadas sobre control de auditoría no sector público local	1
II Xornadas de auditoría e contabilidade en Galicia	1
Formación teórico práctica ferramenta informática QLIK	15
Certificado galego de competencias dixitais en ofimática	1
Administración de sistemas operativos LINUX LPIC-1	1
<b>Total</b>	<b>27</b>

Por último, no marco dos convenios de colaboración que o Consello de Contas de Galicia vén asinando anualmente coa Escola Galega de Administración Pública, os funcionarios da Institución asistiron a numerosos cursos organizados polo citado centro, referentes tanto ao currículo básico horizontal que constitúe as bases da organización da administración pública como aos contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

## VI.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxas funcións son a xestión dos recursos de información institucionais, fundamentalmente a documentación de arquivo e as publicacións propias, a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios para o desempeño das actividades de control do sector público galego e as actividades administrativas corporativas.

O servizo de Arquivo e Biblioteca ten como obxectivo a plena satisfacción do usuario baixo criterios de legalidade, eficiencia e calidade. As actividades desenvolvidas polo Arquivo están orientadas a dar cumprimento ás funcións propias dun arquivo público do Sistema de Arquivos de Galicia: a xestión documental, a información e acceso aos documentos e a protección do patrimonio documental do Consello. Pola súa parte, as actividades da biblioteca dan cumprimento a estándares e normas internacionais baixo criterios de responsabilidade social, calidade técnica de procesos e servizos, produtividade, eficacia e redución de custos.

### VI.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

Con data 3 de xullo de 2017 o Pleno do Consello de Contas acordou a aprobación inicial do Proxecto de Acordo polo que se crea e regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental do Consello de Contas de Galicia que foi exposto a información pública no portal da

transparencia do Consello de Contas o día 6 de xullo e remitido ao Consello de Arquivos de Galicia para a emisión do preceptivo informe o 14 de setembro do 2017.

O Consello de Arquivos de Galicia na súa reunión de 19 de decembro de 2017 acordou informar favorablemente o citado proxecto con determinadas suxestións de mellora na súa redacción. No mes de decembro, co estudo destas suxestións e a incorporación das correccións pertinentes, o Proxecto de Acordo polo que se crea e regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental quedou preparado para a súa aprobación definitiva polo Pleno, aprobación que tivo lugar o día 2 de febreiro do 2018.

A Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental constitúe un órgano técnico e de asesoramento adscrito á Secretaría Xeral do Consello, encargado da avaliación e selección documental e do estudo das medidas e procedementos orientados á mellora da xestión documental e a coordinación do Sistema arquivístico da Institución.

A Sección de Arquivo e Biblioteca, como unidade responsable dos servizos de arquivo, desempeña as funcións propias dun arquivo central e constitúe a cabeceira do sistema de arquivos e xestión de documentos da Institución.

No relativo á xestión da documentación administrativa realiza tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución. Como resultado desas funcións de arquivo central durante o ano 2017, no Arquivo entraron 96 unidades de instalación transferidas desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización que foron reinstaladas e descritas ao longo do ano. Tamén ingresaron 140 contratos rendidos. Por outra banda, o Arquivo realizou 27 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos destas actividades quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

**Unidades de instalación ingresadas e descritas – Unidades documentais prestadas. 2017**

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	Total
Ingresadas	24	7	--	--	65	--	<b>96</b>
Descritas	24	7	--	--	65	--	<b>96</b>
Prestadas	9	--	9	3	--	12	<b>33</b>
Contratos rendidos							
	Núm. de documentos			Registros descritos			
	140			140			

Por outro lado, desenvolvéronse diversas actividades encamiñadas a dar cobertura a proxectos corporativos relativos á identificación e catalogación de procedementos administrativos e trámites de fiscalización e á identificación das series e expedientes que xeran.



Dentro deste ámbito realizáronse, en colaboración co servizo de informática, as seguintes actividades: elaboración dun catálogo provisional de procedementos e trámites; elaboración dunha proposta de modelo de identificación e inventario das actuacións correspondentes aos plans anuais de traballo da Institución; elaboración dunha proposta de inventario histórico de informes de fiscalización; inicio dos traballos de identificación de procedementos e series documentais para a súa habilitación nos servizos da sede electrónica do Consello de Contas; elaboración dunha proposta de guía de uso do protocolo de actuacións a seguir para a tramitación do procedemento de comunicacións e denuncias aprobado o día 3 de xullo do 2017; elaboración dunha guía de xestión dos trámites de fiscalización incluídos na sede electrónica.

Para poder achegar información relativa á xestión dos documentos e arquivo ás unidades administrativas e áreas de fiscalización, creouse dentro da Intranet unha sección denominada ARQUIVO que actualmente conta cos apartados de Arquivo, Sistema de xestión documental e Comisión Técnica de Arquivo.

### VI.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de Biblioteca, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos. Estas actividades teñen como obxecto a subministración de información adecuada e aliñada coas metas do Consello, a promoción da formación e o desenvolvemento profesional do persoal, a accesibilidade, a rapidez e a pertinencia na atención ao usuario.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da biblioteca. Os datos destes procesos son os seguintes:

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares de publ. seriadas	Analíticas de periódicas e monografías	Total
<b>Rexistros catalogados-2017</b>				
128	3	250	389	<b>770</b>
Rexistros dados de baixa -2017				
1	0	0	0	<b>1</b>
<b>Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2017</b>				
9.751	396	9.987	11.512	<b>31.646</b>
Recursos electrónicos (e-books, bases de datos e outros)				<b>858</b>

A Sección de Arquivo e Biblioteca como centro de documentación presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese

estimar que durante o ano 2017 a Biblioteca recibiu 988 visitantes entre o persoal da Institución. Os datos recollidos no seguinte cadro reflicten o número de solicitudes atendidas pola biblioteca nos servizos de préstamo a domicilio e de acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

### Servizos aos usuarios–2017

Fondos bibliográficos	Número de solicitudes	Número de ítems	
Préstamo a domicilio	445	445	
Préstamo interbibliotecario	0	0	
Acceso ao documento	54	72 ítems (502 copias 49 pdf)	
Registro mercantil	Número de Empresas	Número de solicitudes	
		Certificacións literais	Contas e outra información
	9	0	38

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a biblioteca presta outros servizos de referencia e difusión da información, empregando as seguintes canles:

- O módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da biblioteca, mesmo acceder á artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da Institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual, e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.

No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e tamén das consultas dos fondos da Biblioteca mediante o catálogo OPAC.

### Consultas –2017

Consultas no OPAC	Consultas na Intranet					Total intranet
	Información xeral	Servizos	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	
279	1.235	75	987	420	125	2.842





## **VI.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA**

### **VI.4.1 NOVAS FUNCIONALIDADES E ADAPTACIÓNS DE APLICACIÓNS CORPORATIVAS**

Durante o exercicio 2017 o servizo de informática, empregando os recursos propios da Institución, levou a cabo a incorporación de novas funcionalidades e adaptacións a novos requirimentos das seguintes aplicacións corporativas:

#### **Sede electrónica**

Desde a posta en marcha da sede electrónica foron aprobándose novos procedementos entre eles os que permiten ás entidades do Sector Público relacionarse nos trámites de remisión de documentación para fiscalización. Para habilitar estes procedementos, realizáronse as configuracións de formularios e trámites no entorno da sede electrónica.

#### **Aplicación de xestión de contratos e convenios**

Levou a cabo a adecuación das funcionalidades aos requirimentos derivados da posta en marcha do procedemento de remisión por sede electrónica de contratos e convenios ao Consello de Contas.

#### **Aplicación de xestión de comunicacións e denuncias**

Levou a cabo a adecuación das funcionalidades aos requirimentos derivados da posta en marcha do procedemento de remisión por sede electrónica de comunicacións e denuncias ao Consello de Contas e da aprobación do protocolo de xestión das mesmas.

#### **Aplicación de xestión de persoal**

Realizáronse adaptacións na aplicación de xestión de persoal.

#### **Aplicación de xestión de reparos de Corporacións Locais (CCLL)**

Desenvolvéronse melloras na aplicación de xestión de reparos das CCLL que permiten completar con información de control e revisión dos expedientes a información que remiten os Concellos a través da plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas.

### **VI.4.2. NOVOS PROXECTOS CORPORATIVOS**

#### **Adquisición dunha Ferramenta de *Business Intelligence*(BI)**

No ano 2017 levouse a cabo a implantación dunha ferramenta de *Business Intelligence*, a través dunha contratación para a subministración de licenzas e servizos de instalación e configuración no contorno tecnolóxico do Consello de Contas.

A solución BI que resultou adxudicataria foi QLIK Sense, sobre a que se realizou a migración da información cargada na ferramenta BI BIRT Analytics de Opentext, desenvolvendo os procesos de extracción, transformación e carga de información (ETL) necesarios e migrando as transformacións e enriquecementos implantados.

Con esta nova solución o Consello de Contas pode realizar análises dinámicos de datos e o deseño e creación de informes para publicación web da información nunha plataforma de alto grao de procesamento.

### **VI.4.3. CONFIGURACIÓN E SOPORTE DE SISTEMAS**

Durante o exercicio 2017 o servizo de informática, empregando os recursos propios da Institución levou a cabo todas as tarefas relacionadas coa configuración e soporte de sistemas e mantemento do CPD como son:

- Instalación e xestión de paquetes software, tanto de uso xeneralizado (sistema operativo, antivirus, etc.) como específico dun usuario ou grupos de usuarios.
- Instalación e configuración das aplicacións corporativas do Consello de Contas
- Administración de servidores (Windows 2008 Server, Suse Linux) e da contorna de virtualización.
- Deseño e administración de bases de datos corporativas.
- Mantemento de rede e dos servizos.

Cabe destacar o incremento e dedicación ás tarefas en materia de seguridade como poden ser:

- Monitorización do estado de seguridade de rede e servidores.
- Configuración de equipamento de seguridade (firewall, ids).
- Xestión de incidencias de seguridade.

### **VI.4.4. ATENCIÓN AOS USUARIOS**

Entre as funcións do servizo está a atención ao persoal do Consello e dende a posta en marcha da sede electrónica a atención a usuarios das entidades na resolución de incidencias e dúbidas do funcionamento do contorno. As tarefas máis importantes deste ámbito son:

- Asesoramento aos usuarios na utilización avanzada das ferramentas ofimáticas e aplicacións corporativas.
- Atención de incidencias de equipamento de microinformática.
- Atención de usuarios externos nos servizos de sede electrónica.



## VII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión do labor desenvolvido por esta Institución.

No ano 2017, o conselleiro maior representou á Institución e participou nos seguintes actos e reunións:

- Acto conmemorativo do XXV aniversario do Consello de Contas de Galicia, no Parlamento de Galicia o 21 de abril de 2017.
- Conferencia de presidentes da Asociación de Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (ASOCEX), en Pamplona o 29 de maio de 2017.
- Reunión de presidentes de Órganos de Control Externo (OCEX) e presidente do Tribunal de Cuentas, en Madrid o 21 de xuño de 2017.
- Conferencia de presidentes da Asociación de Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (ASOCEX), en Oviedo o 27 de novembro de 2017.
- Reunión de presidentes de OCEX e Presidente do Tribunal de Cuentas, en Oviedo o 28 de novembro de 2017.
- II Xornadas de Auditoría e Contabilidade en Galicia, organizadas por REA-REGA Corporación de Auditores do Consello Xeral de Economistas e o Instituto de Censores Xurados de Contas, en Santiago de Compostela os días 16 e 17 de novembro de 2017.

A Institución estivo presente, a través dos seus conselleiros/as, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- IX Foro de Economía organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno: Xornada sobre a educación, a empregabilidade e o emprendemento xuvenil en España: situación actual e principais retos, en Madrid os días 5 a 7 de febreiro de 2017.
- Reunión semestral da Plataforma de Rendición de Contas e da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e as Organizacións de Control Externo Autonómicas (OCEX), en Palencia os días 3 e 4 de maio de 2017.
- I Xornada sobre Novos Escenarios da Contratación Pública. A nova regulación da contratación pública a debate desde a perspectiva de competencia, solidariedade e integridade, organizada pola Universidade de Zaragoza xunto co Observatorio de

- Contratación Pública, o Ministerio de Economía, Industria e Competitividad e ADESTER, en Zaragoza os días 2 e 3 de maio de 2017.
- Seminario Internacional de EURORAI *A auditoría das inversións públicas no ámbito do Deporte* en Kazan (Rusia) os días 22 a 24 de maio de 2017.
  - II Foro de Transparencia: O impacto da transparencia na calidade democrática e o crecemento económico, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno da Universidade de Alcalá, en Alcalá de Henares os días 19 e 20 de xuño de 2017.
  - I Congreso da Rede Locais: As entidades locais ante a transparencia e a innovación, en Ourense os días 20 e 21 de xuño.
  - VIII Seminario de Contratación Pública: Novos escenarios para a contratación pública, organizado pola Universidade de Zaragoza, o Observatorio de Contratación Pública e o Goberno de Aragón, en Formigal (Huesca) os días 20 a 22 de setembro de 2017.
  - XII Encontros Técnicos e VII Foro Tecnolóxico dos OCEX, organizados pola Sindicatura de Comptes de Cataluña, en Barcelona os días 28 e 29 de setembro de 2017.
  - XI Foro de Sanidade: A medicina de precisión no sistema de saúde, organizado polo Centro de Estudos de Políticas Públicas e Goberno da Universidade de Alcalá, en Zaragoza os días 2 e 3 de outubro de 2017.
  - Presentación do informe anual do Tribunal de Cuentas Europeo, en Madrid o 24 de outubro de 2017.
  - Seminario Internacional de EURORAI *Administración electrónica e control- análise de boas prácticas*, en Sevilla os días 26 a 28 de outubro de 2017.
  - Reunión semestral da Plataforma de Rendición de Contas e da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e as Organizacións de Control Externo Autonómicas (OCEX), en Madrid o día 7 de novembro de 2017.
  - Xornada sobre contratación pública. A nova Lei de Contratos do Sector Público e a boa Administración, organizada pola UDC, a Deputación da Coruña, o grupo de Investigación Dereito Público Global e REDICOP, en A Coruña o 9 de novembro de 2017.
  - XIX Xornada de estudo do Gabinete Xurídico da Junta de Andalucía. As relacións entre os poderes do Estado: separación, colaboración e conflito, en Sevilla o 16 e 17 de novembro de 2017.



- Xornada sobre a Prevención da Corrupción nas Administracións Públicas, organizadas pola UCLM en colaboración cos Servizos Xurídicos da Vicepresidencia da Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha, en Ciudad Real o día 19 de decembro de 2017.

## **VIII. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS**

### **VIII.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno crea no artigo 33.1. a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. A este órgano correspóndelle a resolución das reclamacións fronte as resolucións en materia de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei.

O artigo 33.2 atribúe a presidencia ao titular da institución do Valedor do Pobo, a vicepresidencia ao adxunto ou adxunta á institución do Valedor do Pobo e as vogalías a unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A proposta do Consello de Contas, e mediante resolución do 20 de abril de 2017 do Valedor do Pobo, nomeáronse a un auditor da Área de Conta Xeral e a unha auditora da Área de Institucional como vogal e como suplente respectivamente da Comisión da Transparencia, en representación da Institución.

Durante o ano 2017 a Comisión celebrou dez sesións nas que coñeceu de 132 reclamacións ou recursos contra as resolucións sobre solicitudes de acceso á información pública.

### **VIII.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS – INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

Pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, créase a Comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co obxectivo de intercambiar información implantando a rendición telemática, facilitar o acceso á documentación e mellorar o seguimento das recomendacións contidas nos informes de control. A lei establece que a composición, a organización e o funcionamento da Comisión regularanse nun convenio de colaboración.

O Pleno do Consello de Contas autorizou na sesión do 22 de febreiro de 2016 a sinatura deste convenio, e en maio de 2016 tivo lugar a sesión constitutiva da Comisión e a toma de posesión dos membros das dúas institucións.

No exercicio 2017 a Comisión celebrou dúas sesións ordinarias, os días 26 de xullo e o 21 de

decembro, presididas, de acordo coas quendas rotatorias previstas no convenio, a primeira pola interventora xeral da Comunidade Autónoma e a segunda polo conselleiro da Área de Conta Xeral do Consello de Contas.

Na primeira desas sesións abordáronse os avances nas medidas para o seguimento das recomendacións e o procedemento para o envío telemático dos informes de auditoría e control financeiro pola Intervención Xeral ao Consello de Contas, ao que finalmente se deu satisfactorio cumprimento.

Na segunda sesión debateuse o documento presentado polo Consello *Marco para a implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma* e aprobáronse diferentes medidas contempladas nese documento de cara ao avance neste proceso de rendición telemática.

Aprobouse así mesmo un modelo de rendición de información para o seguimento de recomendacións e asumíuse pola Intervención Xeral o compromiso de presentación desa información no prazo establecido polo Consello.

Na mesma sesión abordouse a remisión de contratos prevista no artigo 29 do TRLCSP e, para avanzar nesta materia, acordouse a remisión á Intervención Xeral dun documento de proposta de actuación en materia de rendición de información de contratos elaborado polo Consello, que foi presentado no mes de marzo deste exercicio 2018.

Por parte do conselleiro que presidiu esta sesión deuse conta á Comisión da aprobación polo Pleno do Consello de Contas, o 15 de decembro de 2017, dun procedemento de sede electrónica para a remisión de plans e informes de auditoría e de control financeiro; e tamén informou sobre as previsións de cara aos plans de traballo da inclusión de determinados centros da Administración xeral nos traballos de revisión do control interno previstos no marco das actuacións de avaliación dos sistemas de prevención da corrupción.

## **IX. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2017**

### **IX.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

#### **IX.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS**

O orzamento de gastos do Consello de Contas correspondente ao exercicio 2017 segundo establece a Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, consigna créditos para executar na Sección 02 denominada Consello de Contas por importe de 6.990.908 euros, o que supuxo un incremento de máis do 5% con respecto a o ano 2016.

O destino dos créditos iniciais foi financiar os seguintes tipos de gasto:



- Gastos por operacións correntes: Consignáronse para esta finalidade 6.499.767 euros, que representan o 92,96% dos créditos iniciais. Dentro do gasto corrente destínanse a gastos de persoal, a gastos en bens correntes e servicios e a transferencias correntes os seguintes importes: 5.461.031 euros (o que supón un incremento do 7,2% respecto de 2016), 1.027.031 euros e 11.705 euros.
- Gastos por operacións de capital e activos financeiros: O importe consignado foi de 455.080 euros e 36.061 euros respectivamente, representando o 6,51% e 0,51% do orzamento inicial.

Os créditos iniciais foron obxecto das seguintes modificacións:

Unha transferencia externa por importe de 1.419.986,81 euros para dar de baixa os créditos non utilizados a fin de exercicio e dúas transferencias internas por importe total de 57.854 euros:

- Unha por 53.854 euros entre créditos do capítulo I minorando a dotación do concepto 180 "Incremento retributivo persoal do sector público autonómico" e incrementando os conceptos destinados a altos cargos, persoal eventual, funcionarios, laborais e cotas sociais para incrementar as retribucións do persoal do Consello de Contas conforme á Lei 3/2017, de 27 de xuño, do orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.
- A outra, entre créditos do capítulo II por importe de 4.000 euros minorando o concepto 227.00 "Traballos realizados por outras empresas. Limpeza e aseo" e incrementando o concepto 270 "Publicacións. Edicións e distribucións" para afrontar os gastos da edición dun libro sobre os actos conmemorativos do XXV aniversario do Consello de Contas.

Estas modificacións supoñen a minoración do 20,31% dos créditos iniciais.

Por capítulos as cifras e porcentaxes de créditos iniciais, modificacións e definitivos son:

#### Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos

Capítulos	C. iniciais	% créditos	Modificacións		C. definitivos	% variación
		S/ orzamento	Positivas	Negativas		Capítulos
I	5.461.031,00	78,12	53.854,00	779.816,67	4.735.068,33	-13,29
II	1.027.031,00	14,69	4.000,00	391.933,95	639.097,05	-37,77
IV	11.705,00	0,17	0,00	3.382,92	8.322,08	-28,90
VI	455.080,00	6,51	0,00	272.181,27	182.898,73	-59,81
VIII	36.061,00	0,51	0,00	30.526,00	5.535,00	-84,65
	<b>6.990.908,00</b>	<b>100,00</b>	<b>57.854,00</b>	<b>1.477.840,81</b>	<b>5.570.921,19</b>	<b>-20,31</b>

### IX.1.2. OBRIGAS E PAGAMENTOS

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 5.570.921,19 euros, un 2,8% máis que o exercicio 2016, representando un nivel de execución do 79,69% dos créditos iniciais.

## Memoria de Actividades 2017

Os pagamentos realizados importaron 5.490.659,48 euros que supoñen o 98,56% das obrigas recoñecidas durante o exercicio, quedando pendentes de pagamento obrigas por importe de 80.261,71 euros.

As obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores por importe de 116.405,39 euros, foron canceladas na súa totalidade.

Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

### Obrigas e pagamentos

Capítulos	C. iniciais	Obrigas	%obrigas s/c. iniciais	Pagamentos	%pagamentos s/ obrigas	%pagamentos s/ c. iniciais
I	5.461.031,00	4.735.068,33	86,71	4.683.539,88	98,91	85,76
II	1.027.031,00	639.097,05	62,23	610.363,79	95,50	62,23
IV	11.705,00	8.322,08	71,10	8.322,08	100,00	71,10
VI	455.080,00	182.898,73	40,19	182.898,73	100,00	40,19
VIII	36.061,00	5.535,00	15,35	5.535,00	100,00	15,35
	<b>6.990.908,00</b>	<b>5.570.921,19</b>	<b>79,69</b>	<b>5.490.659,48</b>	<b>98,56</b>	<b>78,54</b>

A execución por capítulos e artigos é a seguinte:

### Capítulo I "Gastos de persoal"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
10 "Altos cargos"	396.139,00	370.208,07	93,45	6,65	370.208,07	93,45
11 "Persoal eventual"	182.793,00	140.564,00	76,90	2,52	140.564,00	76,90
12 "Funcionarios"	3.787.318,00	3.321.716,91	87,71	59,63	3.321.716,91	87,71
13 "Laborais"	260.135,00	252.909,73	97,22	4,54	252.909,73	97,22
16 "Cotas, pres. gastos sociais"	780.792,00	649.669,62	83,21	11,66	598.141,17	76,61
18 "Incremento retributivo"	53.854,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>5.461.031,00</b>	<b>4.735.068,33</b>	<b>86,71</b>	<b>85,00</b>	<b>4.683.539,88</b>	<b>85,76</b>

O importe destinado a gastos de persoal foi de 5.461.031,00 euros, o 78,12% do importe total do orzamento inicial. O importe executado foi de 4.735.068,33 euros (un 1,9% máis que no ano 2016), o que supón o 86,71% dos créditos iniciais.

O importe non executado no capítulo responde á non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

### Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
20 "Alugueros e canons"	65.881,00	55.201,64	83,79	0,99	50.470,26	83,79
21 "Reparación, mantemento e conservación"	186.509,00	119.106,81	63,86	2,14	119.106,81	63,86
22 "Material, subministros e outros"	696.261,00	427.835,06	61,45	7,68	409.712,01	61,45
23 "Indemnizacións por razón servizo."	75.380,00	31.074,71	41,22	0,56	31.074,71	41,22
27 "Publicacións"	3.000,00	5.878,83	195,96	0,11	0,00	195,96
	<b>1.027.031,00</b>	<b>639.097,05</b>	<b>62,23</b>	<b>11,47</b>	<b>610.363,79</b>	<b>62,23</b>





O crédito inicial destinado a gasto en bens correntes e servizos foi de 1.027.031,00 euros o que representa o 14,70% do orzamento inicial total da Institución. O importe executado foi de 639.097,05 euros o que supón o 62,23% dos créditos iniciais.

Estes remanentes son consecuencia dunha orzamentación suficiente para asegura-la financiación interna das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de axuste de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

#### Capítulo IV "Transferencias correntes"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
48 "Transfer. a fam. e inst. sen ánimo de lucro"	9.000,00	6.322,08	70,25	0,11	6.322,08	70,25
49 "Transfer. ao exterior"	2.705,00	2.000,00	73,94	0,04	2.000,00	73,94
	<b>11.705,00</b>	<b>8.322,08</b>	<b>71,10</b>	<b>0,15</b>	<b>8.322,08</b>	<b>71,10</b>

O importe inicial destinado a gasto en transferencias correntes foi de 11.705,00 euros e representa o 0,17% do importe total do orzamento inicial. O importe executado foi de 8.322,08 euros.

As transferencias son consecuencia da participación do Consello de Contas como membro da Asociación de Órganos de Control Externo Autonómicos (ASOCEX) e da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do Sector Público (EURORAI).

#### Capítulo VI "Investimentos reais"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
62 "Inv. novo asociado ao func. op. dos servizos"	409.665,00	164.219,86	40,09	2,95	164.219,86	40,09
63 "Inv. de rep. asociado ao func. op. dos servizos"	45.415,00	18.678,87	41,13	0,34	18.678,87	41,13
	<b>455.080,00</b>	<b>182.898,73</b>	<b>40,19</b>	<b>3,28</b>	<b>182.898,73</b>	<b>40,19</b>

O importe destinado a gasto en investimentos reais foi de 455.080,00 euros e representa o 6,51% do importe total do orzamento inicial. O importe executado foi de 182.898,73 euros, o que representa unha porcentaxe do 40,19% dos créditos iniciais.

#### Capítulo VIII "Activos financeiros"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas s/ C. I.	% obrigas s/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos s/ C.I.
83 "Concesión préstamos fóra do sector público"	36.061,00	5.535,00	15,35	0,10	5.535,00	15,35
	<b>36.061,00</b>	<b>5.535,00</b>	<b>15,35</b>	<b>0,10</b>	<b>5.535,00</b>	<b>15,35</b>

A finalidade do artigo 83 do orzamento da Institución é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables ao persoal do Consello de Contas que o solicite, polo que a súa orzamentación é difícil de axustar.

O importe inicial destinado a gasto en concesión de anticipos foi de 36.061 euros sendo o importe concedido de 18.010,12 euros, o que representa unha execución do 49,94% dos créditos iniciais.

## IX.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

### IX.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN

Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

Capítulos	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	6.499.767,00	5.381.917,71	5.301.656,00	80.261,71
5 "Ingresos patrimoniais"	0,00	569,75	567,38	2,37
7 "Transferencias de capital"	455.080,00	182.898,73	182.898,73	0,00
8 "Activos financeiros"	36.061	5.535,00	2.948,59	2.586,41
	<b>6.990.908,00</b>	<b>5.570.921,19</b>	<b>5.488.070,70</b>	<b>82.850,49</b>

A recadación dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

Capítulos	Saldo inicial dereitos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	83.237,47	83.237,47	0,00
5 "Ingresos patrimoniais"	1,48	1,48	0,00
7 "Transferencias de capital"	33.167,92	33.167,92	0,00
8 "Activos financeiros"	9.758,75	9.758,75	0,00
	<b>126.165,62</b>	<b>126.165,62</b>	<b>0,00</b>

## X. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

### X.1. OBXECTIVO E ALCANCE

Froito das actuacións de colaboración levadas a cabo no seo da Comisión Mixta Consello de Contas – Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e en cumprimento ao disposto no artigo 50 do Regulamento de réxime interior, este é o primeiro ano no que se inclúe como apartado específico da Memoria información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.



O obxectivo deste seguimento é avaliar o grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización, con base nas constatacións remitidas ao respecto polos entes fiscalizados, unha vez comprobada a súa veracidade agás naqueles casos nos que tal verificación supuxera a realización de probas específicas, xa que esta análise non ten un carácter fiscalizador baseado na obtención de evidencias de auditoría.

A comprobación que se realiza neste apartado non exclúe o seguimento individualizado que se fai nos correspondentes informes de fiscalización nos que sí existe unha verificación baseada en probas de auditoría.

O alcance destas actuacións comprende o exame das contestacións remitidas por conducto da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ás distintas recomendacións formuladas nos seguintes informes de fiscalización anuais, correspondentes aos exercicios 2012 a 2015:

- Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial.
- Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas.
- Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas.

Na análise e valoracións efectuadas aplicáronse os seguintes criterios de avaliación das contestacións formuladas polos entes fiscalizados:

#### 1. Recomendación total ou substancialmente aplicada.

Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aceptada cando a entidade adoptou no seu ámbito competencial as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para considerar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de significativa importancia.

#### 2. Recomendación aplicada parcialmente.

Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución para considerar que a recomendación foi cumprida integramente enténdese que a recomendación foi aplicada parcialmente.

#### 3. Recomendación non aplicada.

Considerarase que a recomendación non foi aplicada se a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se

puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente o inadecuado de maneira que a recomendación segue sen aplicarse.

Tamén teñen este tratamento as recomendacións que non foron contestadas e as que non foron aceptadas ou compartidas por discrepar o órgano xestor do seu contido.

#### 4. Recomendación non válida no marco actual.

Trátase de recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.

#### 5. Recomendación non verificada

Trátase de recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixiadas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar ou aclarar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto para o obxectivo deste apartado da memoria.

## **X.2. RESULTADOS DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS<sup>2</sup>**

Este apartado reflicte, por unha banda, os resultados do seguimento segundo o manifestado polos órganos xestores, e por outra, os resultados obtidos segundo o criterio do Consello de Contas.

#### 1. Resultado do seguimento segundo o manifestado polos entes fiscalizados:

Do total das 62 recomendacións analizadas, os órganos xestores non contestaron, ou non foron aplicadas ou non foron aceptadas un total de 16.

Das 46 recomendacións aceptadas, 24 considéranse aplicadas, 3 aplicadas parcialmente e 19 non aplicadas.


A continuación amósase o desagregación segundo o informe de fiscalización ao que se refiren as recomendacións:

---

<sup>2</sup> No apéndice 2 xúntase unha análise con máis detalle.

Cadro sobre o grao de aplicación das recomendacións segundo órganos xestores

	Número recomendacións	Non aplicadas			Aplicadas		
		Non aceptadas / non contestadas	Aceptadas	Total	Totalmente	Parcialmente	Total
Fondos de compensación interterritorial	7	2	3	5	2	0	2
Fondos procedentes da Unión Europea	11	1	2	3	8	0	8
Conta Xeral de Comunidade Autónoma	13	4	4	8	4	1	5
Conta Xeral do Sergas	18	7	3	10	8	0	8
Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas	13	2	7	9	2	2	4
<b>Total</b>	<b>62</b>	<b>16</b>	<b>19</b>	<b>35</b>	<b>24</b>	<b>3</b>	<b>27</b>




2. Resultado do seguimento segundo o Consello de Contas:

Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a súa avaliación de coherencia e razoabilidade, tendo en conta a experiencia dos auditores nos correspondentes informes de fiscalización, obténdose os seguintes resultados.

Cadro sobre o grao de aplicación das recomendacións segundo o Consello de Contas

	Número recomendacións	Non aplicadas			Aplicadas			Non verificadas
		Non aceptadas / non contestadas	Aceptadas	Total	Totalmente	Parcialmente	Total	
Fondos de compensación interterritorial	7	2	5	7	0	0	0	0
Fondos procedentes da Unión Europea	11	1	2	3	0	0	0	8
Conta Xeral de Comunidade Autónoma	13	4	4	8	0	4	4	1
Conta Xeral do Sergas	18	7	5	12	3	3	6	0
Informe económico – financeiro das entidades instrumentais autonómicas	13	2	9	11	1	0	1	1
<b>Total</b>	<b>62</b>	<b>16</b>	<b>25</b>	<b>41</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>11</b>	<b>10</b>



Segundo a análise do Consello de Contas, considéranse aplicadas o 18%, existindo 10 contestacións das entidades fiscalizadas que precisarían da realización de algunha proba adicional para contrastar o manifestado, polo que se consideran como non verificadas e serán obxecto da súa avaliación posterior nos informes de fiscalización correspondentes.


## APÉNDICES






**APÉNDICE 1.**

**ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2017**



**ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN A 31 DE DICIEMBRE DE 2017**



**APÉNDICE 2: INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓNS.  
EXERCICIOS 2012 A 2015**

Consello de Contas  
de Galicia



INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE  
RECOMENDACIÓNS

EXERCICIOS 2012 A 2015



## ÍNDICE

	Páx.
I. INTRODUCCIÓN.....	9
I.1. Aspectos legais.....	9
II. METODOLOXÍA.....	10
II.1. Ámbito do traballo.....	10
II.2. Obxectivos.....	10
II.3. Recomendacións obxecto de seguimento.....	10
II.4. Desenvolvemento do traballo.....	11
II.5. Criterios de avaliación das contestacións ás recomendacións.....	12
III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS.....	13
IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS.....	14
V. RESULTADOS DO TRABALLO.....	15
V.1. Análise xeral.....	15
V.2. Análise detallada por informes de fiscalización.....	19
VI. CONCLUSIÓN.....	23
VII. ANEXOS.....	25



## ÍNDICE DE ANEXOS

	<u>Páx.</u>
ANEXO 1. RESULTADOS DO TRABALLO. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS.....	27
ANEXO 2. ESTATÍSTICA DAS RECOMENDACIÓNS VIXENTES E GRAO DE APLICACIÓN.....	57
ANEXO 3. CADRO RESUMO DAS RECOMENDACIÓNS VIXENTES E GRAO DE APLICACIÓN.....	58
ANEXO 4. CADRO COMPARATIVO DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS E A SÚA AVALIACIÓN...	63





## ABREVIATURAS

AC	Avaliación do Consello de Contas
C	Contestacións
C.A.	Comunidade Autónoma
CCAA	Comunidades Autónomas
CE	Comunidade Europea
DX	Dirección Xeral
EOXI	Estrutura orgánica de xestión integrada
ESI	Fondos de inversión europeos
EUROSTAT	Oficina europea de estatística
FEDER	Fondo europeo de desenvolvemento rexional
FFCCII	Fondos de compensación interterritorial
FFEE	Fondos europeos
FOGGA	Fondo galego de garantía agraria
FSE	Fondo social europeo
I+D+I	Investigación+desenvolvemento+innovación
IGAE	Intervención General de la Administración del Estado
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LOEOSF	Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
LOFAXGA	Lei de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia
N/A	Non aplicable
OI	Organismo intermedio
OOAA	Organismos autónomos
P.O.	Programa Operativo
R	Recomendación
SEC-2010	Sistema europeo de contas 2010
SERGAS	Servicio galego de saúde
TRLFOG	Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
UE	Unión Europea
XUMCO	Sistema de información de xestión unificada e mecanizada da contabilidade



## I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 22 de novembro de 2017, aprobou o programa anual de traballo para o ano 2018 correspondente á fiscalización do exercicio 2016, no que se contempla a realización do seguimento das recomendacións formuladas como consecuencia das fiscalizacións dos exercicios 2012 ao 2015.

### I.1. ASPECTOS LEGAIS

O artigo 51 da Resolución do 27 de febreiro de 2017 pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia establece que o Consello proporá nos seus informes as medidas que estime que deben adoptarse para a mellor xestión económico-administrativa do sector público, así como aquelas outras máis idóneas para lograr un control máis eficaz deste.

Pola súa parte, o artigo 50.1 do mesmo texto xurídico establece que a Memoria anual comprenderá un balance das actuacións practicadas polo Consello de Contas e un resumo da súa actividade e organización, e xuntaráse a seguinte documentación.

“ ...

*i) A información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.*

... ”

As recomendacións contidas nos informes de fiscalización pretenden a mellora dos sistemas, operacións, xestións e prácticas levadas a cabo polas entidades obxecto de exame.

As recomendacións son unha consecuencia das fiscalizacións e o Consello de Contas considera que o seu cumprimento por parte das entidades fiscalizadas implica unha mellora da xestión dos recursos públicos. Ademais, ao non ser vinculantes, o seu cumprimento manifesta que a entidade fiscalizada ten unha expresa vontade de mellorar a xestión e un compromiso coa transparencia.

Segundo as normas internacionais de auditoría, o seguimento dos informes de fiscalización constitúe a última fase do ciclo de planificación, execución e seguimento das auditorías de cumprimento.

Na realización deste traballo tívose en conta a metodoloxía que aplica o Tribunal de Contas Europeo, referido a fiscalizacións especiais.

**Información sobre o seguimento das recomendacións - 9**

## **II. METODOLOXÍA**

### **II.1. ÁMBITO DO TRABALLO**

O ámbito do traballo a realizar comprende aos informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia en informes de fiscalización dos exercicios 2012, 2013, 2014 e 2015, que son realizados de forma periódica, polo que a verificación do grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización dos ditos exercicios levarase a cabo na fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

### **II.2. OBXECTIVOS**

O traballo ten como obxectivo principal avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización de realización anual.

Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

### **II.3. RECOMENDACIÓNS OBXECTO DE SEGUIMENTO**

As recomendacións obxecto de seguimento están contidas nos seguintes informes de fiscalización:

1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2015
2. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2015.
3. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2015
4. Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde Exercicios 2012 a 2015
5. Informe sobre a actividade económica das Entidades Públicas Dependentes. Exercicios 2012 a 2015.



## II.4. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

A área de Coordinación Xeral é responsable de levar a cabo a coordinación dos traballos, e emitir o correspondente informe.

O traballo foi realizado de xeito transversal, é dicir, cada unha das áreas do Consello é a responsable da emisión dos informes que conteñen as recomendacións formuladas no seu momento, e levou a cabo o seguimento e a avaliación da coherencia das contestacións achegadas polas entidades fiscalizadas para a súa posterior clasificación, sen que forme parte do alcance do traballo realizar as probas de auditoría que foran pertinentes, proporcionando á Área de Coordinación Xeral os resultados das correspondentes avaliacións.

Cos resultados alcanzados, a Área de Coordinación Xeral elaborou a presente información.

Para a consecución dos obxectivos formulados desenvolveuse o traballo conforme ás seguintes fases:

1. Listaxe de recomendacións. Elaboración dunha relación das recomendacións que figuran nos correspondentes informes de fiscalización do Consello de Contas. Clasificación das recomendacións por exercicio, tipo de entidade e tipo de recomendación.
2. Traballo de campo. Obtención de información actualizada do seu grao de aceptación e implantación, que se requirirá dos diferentes órganos xestores afectados, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
3. Análise e avaliación das contestacións. Realización da avaliación dos datos, informacións e explicacións aducidas pola IXCA e demais entidades concernidas, sobre a coherencia das súas contestacións para a súa posterior clasificación, coa colaboración das áreas responsables dos informes de fiscalización a que corresponden as recomendacións.
4. Redacción do informe
5. Aprobación do informe

Dada a natureza deste seguimento de recomendacións, o informe non será sometido a trámite de alegacións.

## II.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CONTESTACIÓN S Á S RECOMENDACIÓN S

Na análise das contestacións formuladas pola IXCA e as demais entidades concernidas no obxecto do traballo, o Consello aplicou os seguintes criterios:

### **1. Total ou substancialmente aplicada.**

Se a entidade obxecto de control ten adoptado as medidas correctoras, razoables e proporcionadas no ámbito das súas competencias, que permiten considerar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Nestes casos entenderase que a recomendación foi cumprida integramente.

### **2. Aplicada parcialmente**

Se a entidade obxecto de control ten tomado en consideración as recomendacións e ten realizado actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, pero soamente nun estado incipiente, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, o que non permite considerar que a recomendación foi cumprida integramente. Atendendo ao seu grao de avance e sempre que fora posible, podería distinguirse entre unha recomendación aplicada maioritariamente ou parcialmente.

### **3. Non aplicada**

Se a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente o inadecuado de xeito que a recomendación segue sen aplicarse. Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as tres subcategorías seguintes.

**3.1. Non contestada.** Recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellalas a unha recomendación concreta.

**3.2. Tomada en consideración. Pendente de aplicar.** Se a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo recoñece a súa pertinencia e



está de acordo co seu contido, malia non habela aplicado. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.

**3.3. Non aceptada, non compartida.** Se a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

#### **4. Non válida no marco actual**

Recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.

#### **5. Non verificada**

Recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto no traballo, ou ben o xeito de poder esclarecer as dúbidas xeradas pola contestación recibida ao seguimento realizado.

As recomendacións que non foron contestadas foron consideradas como non asumidas polo ente fiscalizado.

### **III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS**

No desenvolvemento deste traballo non se puxeron de manifesto limitacións ao alcance das actuacións de seguimento das recomendacións formuladas obxecto do traballo, coa salvidade de que en tres das 62 recomendacións remitidas ás entidades obxecto de seguimento, non se obtivo resposta, considerando o Consello de Contas, na súa avaliación, que non foron asumidas por ditas entidades.

## IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS

As contestacións ás recomendacións foron formuladas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Consellería de Sanidade - SERGAS e a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Estas entidades ofreceron os datos e explicacións das actuacións que se están a desenvolver para o cumprimento da recomendacións formuladas nos correspondentes informes de fiscalización. Estes datos e manifestacións avaliáronse co obxecto de determinar se as recomendacións foron admitidas, puxéronse en marcha as medidas ou mecanismos para solucionar as irregularidades ou deficiencias comunicadas ou si manifestan a súa disposición para solucionarlas no futuro.

Ao terse realizado o seguimento das recomendacións sobre a base das manifestacións realizadas polas entidades afectadas, a análise centrouse na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa clasificación posterior, sen que formen parte do traballo a realización das probas substantivas de auditoría que sexan pertinentes.

Cando foi necesario efectuar algunha proba adicional de comprobación, que excede o alcance previsto neste traballo, indícase, ao respecto da recomendación de que se trate, "non verificada", debendo ser analizada na forma e tempo oportunos, manténdose vixente o texto da recomendación.

Na avaliación da contestación realizada pola entidade afectada pode que o manifestado non se corresponda cos feitos que realmente se constatan nas fiscalizacións que periodicamente se efectúan e outras que se estean levando a cabo. Por ese motivo, os resultados deste traballo non condicionan os derivados de futuras fiscalizacións, nas que poderanse acadar conclusións diferentes das contidas aquí.

O texto das recomendacións e as contestacións ás mesmas, así como o nome da entidade que as formula, as consideracións e explicacións e as actuacións realizadas ou propostas, órgano responsable e prazo de implantación, figuran detalladas no Anexo 1 deste informe.

No Anexo 2 figura un cadro coa estatística das recomendacións vixentes e o seu grao de aplicación segundo a avaliación efectuada polo Consello de Contas. No Anexo 3 detállanse nun cadro cada unha das recomendacións, a cualificación das entidades fiscalizadas e a avaliación do Consello de Contas. Finalmente, no Anexo 4 figura un cadro comparativo das contestacións ás recomendacións e a súa avaliación, clasificadas por informes de fiscalización.




## V. RESULTADOS DO TRABALLO

### V.1. ANÁLISE XERAL

Analizáronse 62 recomendacións contidas nos cinco informes de fiscalización obxecto de seguimento.

Nº	INFORMES DE FISCALIZACIÓN EXERCICIOS 2012-2013-2014-2015	NÚMERO DE RECOMENDACIÓN OBJECTO DE SEGUIMIENTO
1	Fondos de Compensación Interterritorial.	7
2	Fondos procedentes da Unión Europea.	11
3	Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	13
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde.	18
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Dependentes.	13
<b>Total</b>		<b>62</b>




## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

Das 62 recomendacións analizadas 59 foron contestadas polos órganos concernidos polos correspondentes informes de fiscalización, e 3 non contestadas.


Segundo os seus propios datos, as entidades fiscalizadas aceptaron 46 recomendacións e non aceptaron expresamente 13. As recomendacións que non foron contestadas considéranse como non asumidas e, polo tanto, non aceptadas. En consecuencia, non aceptaron e non aplicaron 16 recomendacións.

Nº	INFORMES DE FISCALIZACIÓN EXERCICIOS 2012-2013-2014-2015	NÚMERO DE RECOMENDACIÓN OBJECTO DE SEGUIMIENTO	CONTESTACIÓN		
			NON ACEPTADAS	ACEPTADAS	NON CONTESTADAS
1	Fondos de Compensación Interterritorial.	7	2	5	0
2	Fondos procedentes da Unión Europea.	11	1	10	0
3	Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	13	4	9	0
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde.	18	5	11	2
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Dependentes.	13	1	11	1
<b>Total</b>		<b>62</b>	<b>13</b>	<b>46</b>	<b>3</b>



Das 46 recomendacións que as entidades fiscalizadas manifestan aceptar, comunican que aplicaron totalmente 24, aplicaron parcialmente 3 e atópanse 19 recomendacións pendentes de aplicar.

Nº	INFORMES DE FISCALIZACIÓN EXERCICIOS 2012-2013-2014-2015	NÚMERO DE RECOMENDACIÓN OBJECTO DE SEGUIMIENTO	GRAO APLICACIÓN SEGUNDO OS XESTORES			
			NON ACEPTADAS NON APLICADAS	ACEPTADAS		
				APLICADAS	APLICADAS PARCIALMENTE	PENDENTES DE APLICAR
1	Fondos de Compensación Interterritorial.	7	2	2	0	3
2	Fondos procedentes da Unión Europea.	11	1	8	0	2
3	Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	13	4	4	1	4
4	Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde.	18	7	8	0	3
5	Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Dependentes.	13	2	2	2	7
<b>Total</b>		<b>62</b>	<b>16</b>	<b>24</b>	<b>3</b>	<b>19</b>




Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a avaliación da coherencia e a razoabilidade das mesmas, tendo en conta

a experiencia dos auditores nos correspondentes informes de fiscalización, téndose acadado os seguintes resultados:

Nº	INFORMES DE FISCALIZACIÓN EX. 2012 ao 2015	NÚMERO DE RECOMENDACIÓN OBJECTO DE SEGUIMIENTO	GRAO APLICACIÓN SEGUNDO O CONSELLO DE CONTAS				(*) NON VERIFICADAS
			NON APLICADAS	ACEPTADAS		PENDENTES DE APLICAR	
				APLICADAS	APLICADAS PARCIALMENTE		
1	Fondos de Compensación Interterritorial	7	4	0	0	3	0
2	Fondos procedentes da Unión Europea.	11	1	0	0	2	8
3	Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	13	4	0	4	4	1
4	Conta Xeral do SERGAS	18	7	3	3	5	0
5	Entidades Públicas Dependentes.	13	2	1	0	9	1
<b>Total</b>		<b>62</b>	<b>18</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>23</b>	<b>10</b>

Do total de recomendacións analizadas, o Consello de Contas apreciou que 34 foron corrixidas, ben integramente (4, que supoñen o 6,45%), ben parcialmente (7, que supoñen o 11,3%); quedaron tomadas en consideración pero pendentes de aplicar 23, que supoñen o 37,1% e, finalmente, non foron aplicadas por non ter sido aceptadas polas entidades fiscalizadas un total de 18, que supoñen o 29,03%.


Na avaliación realizada polo Consello, 10 contestacións das entidades fiscalizadas precisarían da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo que considéranse como non verificadas e serán obxecto dunha avaliación posterior.



## V.2. ANÁLISE DETALLADA POR INFORMES DE FISCALIZACIÓN

### Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 ao 2015.


Das 7 recomendacións formuladas, 4 non foron aplicadas e 3 estaban pendentes de aplicar.



### Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 ao 2015.


Das 11 recomendacións formuladas, 10 foron aceptadas polos xestores deixando sen aplicar unha por non compartir a recomendación proposta polo Consello de Contas.

Das 10 recomendacións aceptadas, 2 foron tomadas en consideración pero estaban pendentes de aplicar. As 8 restantes contestacións precisarían da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo que serán obxecto dunha avaliación posterior.




### Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 ao 2015.

Segundo a avaliación das contestacións ás recomendacións formuladas nestes informes de fiscalización, das 13 recomendacións formuladas, 4 non foron aplicadas por non ser aceptadas polas entidades fiscalizadas, 4 avaliáronse como parcialmente aplicadas e outras 4 atopábanse pendentes de aplicar. Finalmente unha contestación precisaría da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo que será obxecto dunha avaliación posterior.




**Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Exercicios 2012 ao 2015.**

Das 18 recomendacións formuladas, 7 non foron aplicadas, e as 11 aceptadas tiñan distintos graos de aplicación: 3 foron completamente aplicadas, 3 parcialmente aplicadas e outras 5 estaban pendentes de aplicar.



**Informe de fiscalización da actividade económica das entidades públicas dependentes. Exercicios 2012 ao 2015.**

Das 13 recomendacións formuladas, 1 considérase correctamente aplicada, 9 estaban pendentes de aplicar, 2 non foron aplicadas e 1 precisaría da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo que será obxecto dunha avaliación posterior.







## VI. CONCLUSIÓNS

Das 62 recomendacións analizadas foron contestadas 59 polas entidades comprendidas no ámbito de aplicación dos cinco informes de fiscalización correspondentes ao período 2012-2015 que son obxecto de avaliación. As tres recomendacións non contestadas considéranse como non aceptadas por aquelas.

Do total das recomendacións analizadas, 18 non foron aplicadas polas entidades fiscalizadas, o que supón un 29,03%.

Das 44 aceptadas 23 estaban pendentes de aplicar (un 37,1% do total), 7 foron parcialmente aplicadas (un 11,3% do total) e soamente 4 consideráronse correctamente aplicadas (un 6,45% do total). As 10 recomendacións restantes, que supoñen un 16,13% das totais, atendendo ás explicacións ofrecidas polas entidades fiscalizadas, precisarían da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo que serán obxecto dunha avaliación posterior.

Considérase relevante que case a terceira parte das recomendacións non foron aplicadas polas entidades fiscalizadas, polo que o Consello de Contas tratará de avanzar especialmente no cumprimento destas recomendacións, clarexando as dúbidas que, de ser o caso, concorreran nos correspondentes supostos.

Cómpre salientar tamén o escaso número de recomendacións que o Consello considera correcta e completamente aplicadas (soamente 4, un 6,45% do total).

Así mesmo, as recomendacións pendentes de aplicar ou parcialmente aplicadas son un total de 30 (un 48,4%), aínda que na maioría dos casos as entidades fiscalizadas propoñen actuacións para implantalas durante o ano 2018.

Tendo en conta o que antecede, á vista dos resultados da avaliación das contestacións das entidades fiscalizadas, o Consello de Contas considera insuficiente o grao acadado no cumprimento das recomendacións obxecto deste traballo. En consecuencia, insta á súa posta en práctica co obxectivo xeral de mellora da xestión pública.



## VII. ANEXOS



## ANEXO 1 RESULTADOS DO TRABALLO. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS.

### 1. Informe de Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a-2015

Nos cadros que se insiren, de seguido, figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R1	Implantación dun subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, integrado no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, tanto da administración xeral como da administración institucional, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos Fondos, non só na vertente de gastos senón tamén na de ingresos.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Non se acepta.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "Non se considera necesario por tanto a implantación dun "subsistema" de rexistro contable específico.</p> <p>A normativa reguladora do FCI esixe a contabilización adecuada e separada da execución de cada proxecto de inversión financiado con cargo ao FCI. En ningún caso se esixe expresamente a implantación dun subsistema de rexistro contable específico e moito menos cando o XUMCO como sistema contable dispón da información necesaria para garantir un correcto seguimento contable tanto dos ingresos como dos gastos.</p> <p>Por outra parte tampouco se considera necesario que cada centro xestor teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos Fondos na vertente dos ingresos. Os xestores xa teñen coñecemento das ditas operacións na vertente dos gastos obviamente a través do XUMCO e na vertente dos ingresos esa información é obxecto de análise e seguimento pola Consellería de Facenda."</p>
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación</b>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R2	Realización de modificacións no orzamento de ingresos co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Compartida.</p> <p>CONTESTACIÓN: "Aprobouse a Resolución conxunta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do 17 de abril de 2015, para a aplicación da Orde do 27 de xullo de 2000, no relativo ás modificacións das previsións iniciais de ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital."</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN:</p> <p>"Non aplicada. Posto que no caso dos ingresos correspondentes ao FCI a aplicación da Resolución mencionada require que se complemente cunha identificación que relacione os proxectos orzamentarios da comunidade e os do Estado, de xeito que sexa posible determinar para cada incorporación de crédito os ingresos recibidos na execución realizada para cada un deles.</p> <p>Proponse Establecer un sistema de seguimento no Xumco que permita relacionar os proxectos de gasto da Comunidade Autónoma que se financien co FCI e os do Estado e ofrezca información sobre as distintas operacións que se derivan da execución do FCI, tanto no que atinxe aos gastos como aos ingresos.</p> <p>Órgano responsable: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p>Prazo implantación: Ao longo do exercicio de 2018."</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.</b>

R3	Incorporación ao orzamento, por parte dos xestores da Comunidade Autónoma, de tódolos remanentes de crédito que a 31 de decembro están pendentes de incorporar.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Compartida e aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "De acordo aos datos subministrados pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, están a realizarse a totalidade das incorporacións de crédito de remanentes de exercicios anteriores."</p>
AC	<b>Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento das recomendacións - 28

R4	A Comunidade Autónoma non debe tramitar baixas de créditos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial salvo que correspondan á adecuación entre os créditos da Comunidade Autónoma e os créditos vixentes no Ministerio de Economía y Hacienda.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Non se acepta. CONTESTACIÓNS: "Danse de baixa os remanentes que non acadaron a fase de compromiso e orzáméntanse no exercicio seguinte. Desta actuación dáselle conta ao ministerio, de modo que coincidan os créditos que figuran na Comunidade Autónoma con aqueles. Todo isto sen prexuízo do sinalado na resposta á Recomendación 2."
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

R5	Axilización da tramitación dos expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, co fin de non retrasar as peticións de fondos ao Ministerio de Facenda.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. DECISIÓN: Compartida e xa aplicada. CONTESTACIÓNS: "Os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas xa son tramitados coa máxima axilidade, exceptuando o suposto de minoración de crédito en un proxecto onde a minoración implicaría devolución de fondos; nese caso hai que esperar a que se produza outra certificación con dereito a petición de fondos en outro proxecto de FCI do mesmo ano para compensar a minoración proposta."
AC	<b>Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

**Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015**

R6	Certificación á Dirección Xeral de Planificación e Fondos, por parte dos xestores dos Fondos, das obrigas anuladas na liquidación do orzamento de exercicios pechados, para que esta adecúe as peticións de fondos á execución real dos proxectos. Así mesmo, incorporarán ao orzamento de gastos o importe das obrigas anuladas.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. DECISIÓN: Compartida e pendente de aplicar. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓN/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Actuación proposta: Remítanse instrucións aos órganos correspondentes para que se informe das obrigas anuladas de exercicios pechados, así como da necesidade de incorporar ao orzamento de gastos o importe da anulación de ditas obrigas. Órgano responsable: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Prazo de Implantación: Decembro de 2018."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.</b>

R7	Realización, por parte dos xestores dos Fondos de Compensación Interterritorial, das actuacións necesarias para acadar o obxectivo de que ao remate do exercicio se xustifique a totalidade dos Fondos ante a Administración do Estado, coa finalidade de que os recursos se utilicen máis eficientemente.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. DECISIÓN: Compartida e pendente de aplicar. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓN/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Actuación proposta: Daranse instrucións aos organismos xestores de FCI para que axilien a execución dos Proxectos para que ao remate do exercicio se poda xustificar a totalidade dos fondos á Administración do Estado. Órgano responsable: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Prazo de Implantación: 2018."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.</b>



## 2. Informe de Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2014 a 2015.

Nos cadros que se insiren, de seguido, figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R1	Recoméndase adoptar as medidas necesarias para axilizar o ritmo de execución dos programas operativos do novo marco e o peche dos proxectos pendentes do marco anterior, evitando deste xeito efectos negativos en canto a eficiencia e eficacia do financiamento europeo.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e xa aplicada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>Actuacións xa realizadas:</b> "No caso do programa operativo FEDER no relativo ao peche do período de programación anterior: A información requirida para o informe de peche remitiuse dentro do prazo regulamentario, estando pendente de validación pola CE.</p> <p>No caso do programa operativo FSE no relativo ao peche do período de programación anterior: A información requirida para o informe de peche remitiuse dentro do prazo regulamentario, sendo validado positivamente pola CE.</p> <p>Por último, en ambos programas operativos, FEDER 14-20 e FSE 14-20, aprobáronse dúas circulares que permitiron autorizar o inicio de operacións a financiar no marco do programa con anterioridade á aprobación do documento de Criterios e Procedementos de Selección de Operacións é a validación do Documento de Descrición de Funcións e Procedementos pola Autoridade de Xestión."</p>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>

R2	Deberanse impulsar os proxectos que teñan acreditada a súa eficacia e estean adecuadamente dimensionados. Deste xeito deberá mellorarse na labor de coordinación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma cos organismos e entes públicos e privados especializados nas áreas vencelladas aos obxectivos programáticos: innovación, investigación, tecnoloxía, sustentabilidade, cambio climático e economía dixital, así como a formación do persoal vinculado a estes sectores, tal e como se establece no novo marco operativo. (Exercicios 2013-2014)
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e xa aplicada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Actuación xa realizada: Esta recomendación debe entenderse referida exclusivamente ao FEDER, posto que non é obxecto de competencia no P.O. FSE.</p> <p>Deste xeito, no caso do programa operativo FEDER, a concentración temática exixida pola normativa reguladora dos fondos ESI xa exige concentrar os fondos naqueles ámbitos temáticos que contribúen en maior medida ao crecemento intelixente, sostible e integrador proclamado pola Estratexia Europea 2020; deste xeito, máis do 60% dos fondos FEDER dirixen aos ámbitos da I+D+i, TICs, desenvolvemento e innovación empresarial, onde adquiren protagonismo os instrumentos financeiros, e economía baixa en carbono. A implicación dos organismos con competencias sectoriais nos ámbitos citados queda garantida no propio sistema de xestión e control descrito no Documento de Descrición de Funcións e Procedementos do OI Xunta de Galicia."</p>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R3	Recoméndase reducir o número de xestores para cumprir co principio de simplificación na xestión e control dos Fondos Europeos e así diminuír a complexidade da tramitación administrativa, tal como esixe o novo marco xurídico dos programas operativos 2014-2020.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e xa aplicada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"Actuacións xa realizadas:</b> No marco do proceso de simplificación que se abordou no actual período de programación 2014-2020, se adoptaron medidas para simplificar a xestión dos programas operativos FEDER e FSE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso do P.O. FEDER, a elaboración dun programa operativo xestionado en exclusiva pola Xunta de Galicia e a eliminación das delegacións de segundo nivel.</li> <li>• No caso do P.O. FSE, a elaboración do programa operativo xestionado en exclusiva pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, que constitúe o Organismo Intermedio así como a eliminación das delegacións de segundo nivel. Por último a utilización dos métodos de costes simplificados nas actuación cofinanciadas co FSE, cando se trate de proxectos de menos de 50.000 euros." </li></ul>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>

R4	Recoméndase a utilización de indicadores para o seguimento das incidencias que se producen na execución dos proxectos, de xeito que poidan evitarse os atrasos nas certificacións e pagamentos aos que da lugar o non cumprimento das obrigas e condicións contraídas polos perceptores dos Fondos Europeos.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e xa aplicada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"Actuacións xa realizadas:</b> Os programas operativos FEDER e FSE inclúen unha batería de indicadores financeiros, de produtividade e de resultado. A maiores a xestión dos indicadores relativos ao ámbito do FSE lévase a través dunha aplicación, titularidade da Consellería de Facenda, e denominada Participa 1420."</p>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>



R5	Recoméndase proceder a unha unificación dos criterios de identificación das modalidades que afectan ás bases de datos do XUMCO e da Conta Xeral. (Exercicios 2012-2013)
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Pendente de aplicar.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Realizaranse as actuacións precisas para que se unifiquen os criterios das distintas bases de datos enviadas ao Consello de Contas relativas aos Fondos Europeos, ao FCI e a Conta xeral.</p> <p><b>ORGANO RESPONSABLE:</b> A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p><b>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</b> Ano 2018."</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

R6	Recoméndase que na base de datos XUMCO se incorpore a identificación de todos os beneficiarios de Fondos Europeos, debéndose relacionar os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Actuación realizada: Na base de datos do ano 2016 o procedemento seguido polo FOGGA xa inclúe a identificación dos perceptores finais dos fondos.</p> <p>Unicamente naqueles casos nos que dende a Administración Xeral se lle aboan as transferencias de financiamento ao Fogga figurará o Fogga neste caso obviamente como perceptor final."</p>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>

R7	Recoméndase que se implemente nas distintas bases de datos, XUMCO e Conta Xeral, un sistema de identificación e clasificación das actividades económicas dos receptores finais dos Fondos Europeos.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Non se acepta.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "A actividade económica dos perceptores finais dos fondos europeos non é un dato contable e polo tanto non debe figurar no sistema contable XUMCO."</p>
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación</b>

Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R8	<p>Recoméndase que a totalidade dos organismos e entes públicos dependentes da Administración Autonómica recollan no seu orzamento de ingresos as previsións definitivas e as modificacións reais do orzamento inicial de ingresos.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos.</p> <p>DECISIÓN: Compartida. Non aplicada.</p> <p>CONTESTACIÓN: "Aprobouse a Resolución conxunta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do 17 de abril de 2015, para a aplicación da Orde de 27 de xullo de 2000, no relativo ás modificacións das previsións iniciais de ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.</p> <p>Nos orzamentos da Xunta de Galicia a aplicación é efectiva. Ao respecto, hai que ter en conta que as ordes anuais de elaboración dos orzamentos establecen expresamente que todos os ingresos que os distintos organismos e entes propoñan consignar no orzamento inicial, procedentes doutras administracións públicas, salvo que se produzan como consecuencia de convocatorias competitivas, deberán consignarse no orzamento de ingresos da Administración xeral. Simultaneamente, a sección de adscrición deberá consignar no seu estado de gastos as correspondentes partidas de transferencia.</p> <p>Este criterio ten que aplicarse tamén nas modificacións orzamentarias e, polo tanto, as modificacións de ingresos nos organismos e entes van a vir determinadas pola modificación nos orzamentos da sección de adscrición, que consignará a correspondente transferencia."</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Establecer o procedemento para incorporar as transferencias da sección de adscrición aos organismos e entes adscritos no caso de que sexan xestores dos créditos financiados con fondos procedentes nas modificacións do orzamento de ingresos.</p> <p>Órgano responsable: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>Prazo implantación: Ao longo do exercicio de 2018."</p>
AC	<p><b>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación</b></p>
R9	<p>Recoméndase adoptar protocolos de xestión comúns respecto dos proxectos que desenvolven os organismos e entes públicos dependentes da Administración Autonómica, de xeito que se poidan facer análises homoxéneos da eficiencia e eficacia das accións realizadas.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e xa aplicada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "<b>Actuación xa realizada:</b> O Documento de Descrición de Funcións e Procedementos, e o manual que o desenvolve, incorpora una detallada descrición dos distintos procedementos utilizados para a xestión, seguimento e control dos programas operativos do FEDER e FSE, o que garante a utilización de procedementos e modelos homoxéneos."</p>
AC	<p><b>Non verificada. Mantense a recomendación</b></p>

Información sobre o seguimento das recomendacións - 34

R10	Recoméndase adoptar as medidas necesarias de coordinación coas entidades locais coa finalidade de maximizar a utilización das axudas europeas e evitar os atrasos na implementación dos novos programas europeos no ámbito local.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE. DECISIÓN: Compartida e xa aplicada  ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"Actuacións xa realizadas:</b> Poren no caso do programa operativo FEDER 2014-2020, non se considera necesario dado o carácter residual das Administracións Locais. E no caso do programa operativo FSE a participación das administracións locais na execución das actuacións cofinanciadas co FSE Galicia 2004-2020 realízase como entidades prestatarias dos servizos previstos nas correspondentes convocatorias de axudas."
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>

R11	Recoméndase a aplicación da información activa e o uso das novas tecnoloxías, tal como ten previsto a normativa vixente en relación cos Fondos Europeos en materia de transparencia e publicidade.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e FFEE. DECISIÓN: Compartida e xa aplicada  ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"Actuación xa realizada:</b> A utilización de sistemas electrónicos de intercambio de información é outra das exixencias da normativa comunitaria 2014-2020 (art. 122 Regulamento (UE) nº 1303/2013), que obriga a dispor dun rexistro e almacenamento informático dos datos de cada operación, o que se efectúa a través da ferramenta informática Fondos 1420, que está interconectada coa aplicación da Autoridade de Xestión Fondos 1420."
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>

### 3. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2015.

Nos cadros que se insiren, de seguido, figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R1	<u>Presentación da información contable</u>
R2	<p>1. Tal e como se vén recollendo nos sucesivos informes da Conta Xeral, faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa aspectos básicos como a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma coas respectivas do sector público administrativo, empresarial e fundacional. Cómpre adoptar as medidas necesarias para a implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>2. As modificacións da normativa orzamentaria deben estenderse á delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral conforme á tipoloxía que, para a definición do sector público, establece a LOFAXGA, así como á regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades que ofrezan unha visión global da situación económica do sector público autonómico; e tamén á aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.</p> <p>3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.</p>
R3	
C	
AC	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.



R4	<p><u>Liquidación e xestión orzamentaria</u></p> <p>Recoméndase a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que, aínda respectando as necesarias marxes de manobra para unha xestión orzamentaria eficaz, limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos.</p> <p>DECISIÓN: Non se acepta.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "Este programa utilízase de acordo coa normativa vixente, consideramos que non existe unha utilización excesiva do mesmo. Este programa utilízase exclusivamente para as actuacións estritamente imprescindibles."</p>
AC	<p><b>Non aplicada. Mantense a recomendación.</b></p>

R5	<p>As necesidades atendidas co fondo de continxencia dotado nos orzamentos da Comunidade Autónoma deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Con esta finalidade, sería recomendable determinar normativamente os supostos de aplicación e a dotación anual do mesmo.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos.</p> <p>DECISIÓN: Non se acepta.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "O Fondo de continxencia xa está regulado no artigo 55.bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na Lei de orzamentos de cada ano e utilízase exclusivamente para as finalidades establecidas na devandita norma."</p>
AC	<p><b>Non aplicada. Mantense a recomendación.</b></p>

R6	<p>De cara ás incorporacións de créditos finalistas, recoméndase coidar que o desfase temporal entre o recoñecemento do dereito e a posterior obriga a financiar co mesmo non poña en dificultade o seu financiamento por utilizar os dereitos finalistas para outras aplicacións diferentes ás que estean dirixidos. Neste sentido, o proxecto de orzamentos debería contar cunha dotación de crédito suficiente destinada a dar cobertura ás incorporacións de fondos propios libres co obxectivo de non afectar á distribución de créditos prevista.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos.</p> <p>DECISIÓN: Non se acepta.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "A incorporación dos fondos finalistas que se corresponden cos ingresos de exercicios anteriores finánciase co remanente de tesouraría xerado."</p>
AC	<p><b>Non aplicada. Mantense a recomendación.</b></p>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R7	Para unha adecuada avaliación do gasto, resulta necesario completar os programas orzamentarios con indicadores para a medición dos obxectivos previstos, que deben ser cuantificables e medibles, e analizar o seu grao de cumprimento e as desviacións producidas.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos. DECISIÓN: Compartida e aplicada. CONTESTACIÓNS ACTUACIÓNS: "Estase a levar a cabo o seguimento dos indicadores dos programas de gasto. Para tal fin a Consellería de Facenda publicou a Orde do 30 de xuño de 2016, pola que se establece o plan de avaliación e seguimento do Plan Estratéxico de Galicia 20152020, específico para o período de avaliación 2016/2017."
AC	<b>Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación.</b>

R8	Sen prexuízo das melloras advertidas neste exercicio 2015, recoméndase realizar unha adecuada planificación orzamentaria que faga posible atender sen dificultade as necesidades de gasto previstas para cada exercicio corrente, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade de obrigas e dereitos devengados no exercicio en cumprimento do principio de anualidade orzamentaria. Resulta necesaria a implantación de procedementos ou a adopción de instrucións que garantan a obtención pola Intervención Xeral de información máis ampla e fiable das obrigas de exercicios anteriores pendentes de imputar ao orzamento, así como o adecuado reflexo daquelas, nos casos en que proceda, na conta de acredores pendentes de imputar ao orzamento. Sobre esta conta resulta necesario un especial seguimento e control por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. DECISIÓN: Compartida e aplicada. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "ACTUACIÓN XA REALIZADA: O 31 de xaneiro de 2018 a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ditou unha instrución sobre a cumprimentación de documentos contables en relación coa aplicación do artigo 60.2.b) do Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que regula a aplicación con cargo ao orzamento das obrigas derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores e dá instrucións para a obtención de información máis ampla e fiable das obrigas de exercicios anteriores pendentes de imputar ao orzamento."
AC	<b>Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento das recomendacións - 38



R9	<p><u>Estabilidade orzamentaria</u></p> <p>O principio de transparencia inherente á estabilidade orzamentaria esixe que tanto o proxecto como a liquidación orzamentaria inclúan información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas que se producen entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación que permita a verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Non se acepta.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "A información que se proporciona en termos de contabilidade nacional ten unha natureza diferente, primando o aspecto estatístico sobre o contable. Os seus principios veñen marcados por EUROSTAT, sendo a IGAE o órgano encargado de realizar a agregación da información relativa ao sector público de España. A diferenza do que sucede coa información de natureza contable (orzamentaria e financeira), a información da contabilidade nacional pode ser revisada con posterioridade (mesmo varios exercicios despois) do peche de cada exercicio. Este funcionamento supón que os datos que, sobre un exercicio determinado, se elaboren nun momento dado, poden sufrir variacións posteriormente. Por esta circunstancia os datos poden ser cambiantes no tempo.</p> <p>Nos orzamentos recóllese esta obriga nun apartado específico "Orzamento en termos de contabilidade nacional", no que se ten en conta os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación dos criterios SEC-2010, obtendo así o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional.</p> <p>No que atinxe á liquidación do orzamento, esta Administración vén incorporando como parte da Memoria resumo da Conta Xeral o cadro elaborado pola IGAE en relación á Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe a información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas que se producen entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación.</p> <p>O informe completo que elabora a IGAE remítese ao Consello de Contas cando o solicita. Esta é a información que está en poder da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma xa que non lle corresponde a este centro directivo o cálculo definitivo dos ditos axustes."</p>
AC	<p><b>Non aplicada. Mantense a recomendación.</b></p>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R10	<p><u>Remanente de tesourería</u></p> <p>Na liña das recomendacións anteriores, insítese na necesidade de incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto. Considérase necesario a regularización e depuración dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"ACTUACIÓN XA REALIZADA:</b> O sistema contable xa incorpora a información necesaria para coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio.</p> <p>Ademais esta información se elabora pola intervención xeral e se envía como documentación adicional ao Consello de Contas."</p>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación.</b>

R11	<p><u>Tesourería</u></p> <p>Recoméndase intensificar o control interno sobre as contas de Tesourería e avaliar a necesidade de manter tódalas existentes a 31.12.2015. Tamén é necesario integrar as contas de habilitación, agás as destinadas ao pagamento de haberes, na Conta de Tesourería, restrinxindo o seu número aos supostos realmente necesarios e incorporando ao sistema contable as operacións realizadas polos habilitados.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e aplicada parcialmente.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"Actuacións xa realizadas:</b> De acordo e os anteriores informes e recomendacións efectuadas, continuamente estase actualizando o rexistro de contas abertas nas distintas entidades financeiras, así dende o ano 2012 ata o ano 2017 déronse de baixa un total de 169 contas autorizadas.</p> <p>Para un maior control de todas as contas autorizadas, e para manter actualizados os nosos rexistros de contas, desde esta dirección xeral solicitouse a través da Secretaría Xeral Técnica de cada Consellería a relación das contas autorizadas ( nómina, en firme, a xustificar, contas operativas, restrinxidas...) que sexan necesarias para a prestación das funcións que teñan asignadas, tanto da administración xeral, como dos organismos dependentes de cada Consellería, reiterando a súa obriga de comunicar calquera cambio das persoas autorizadas para o manexo dos fondos que se produzan, así como a necesidade de mantelas abertas.</p> <p><b>Actuación proposta:</b> Na actualidade esta dirección Xeral está traballando na actualización da normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería.</p> <p><b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p><b>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</b> A actualización da normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería, se finalizará todo a proceso ao longo do ano 2018."</p>
AC	<b>Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento das recomendacións - 40

R12	<p><u>Endebedamento</u></p> <p>Dada a relevancia que o endebedamento autonómico ten alcanzado nestes últimos anos en termos de sustentabilidade futura das contas públicas, debido ao seu notable incremento e á complexización da súa xestión e administración financeira, e pola importancia de dispoñer dunha información ampla e completa sobre a evolución, estrutura e xestión financeira do endebedamento consolidado da Comunidade Autónoma, recoméndase á Administración autonómica realizar un esforzo na subministración dunha información o máis ampla posible en relación cos diferentes aspectos da mesma na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e pendente de aplicar.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"Actuacións xa realizadas:</b> En relación a solicitude de información acerca do seguimento das recomendacións formuladas na Conta Xeral dos períodos 2012 a 2015, este centro directivo completou a petición do Consello de Contas a información que se rendeu na Conta Xeral dos exercicios 2012 a 2015 mediante o achegamento ao mencionado Consello de Contas, por medio da Intervención Xeral, da información requirida.</p> <p><b>ACTUACIÓN PROPOSTA:</b> Adicionalmente está previsto ampliar o contido da Conta de Endebedamento da Conta Xeral de 2017, de xeito que se facilite o seu seguimento e análise.</p> <p><b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.</p> <p><b>PRAZO DE IMPRANTACIÓN:</b> 2018."</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación</b>
R13	<p><u>Compromisos de futuros</u></p> <p>Recoméndase á Administración que planifique con rigor os novos compromisos futuros, en particular a través de fórmulas de colaboración público-privada. A supeditación legal, a partir do ano 2014, dos contratos e convenios aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como o actual contexto de restricións orzamentarias, require dunha precisa determinación dos proxectos ou infraestruturas cuxos obxectivos xustifiquen diferir o gasto a orzamentos futuros, así como do establecemento de límites cuantitativos en función da evolución do aforro.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"ACTUACIÓN XA REALIZADA:</b> A Xunta de Galicia xa está a planificar con rigor os seus compromisos futuros en particular a través das fórmulas de colaboración público-privada. De feito a supeditación legal, a partir do ano 2014, dos contratos e convenios aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, así como o actual contexto de restricións orzamentarias, xa require que exista unha precisa determinación dos proxectos ou infraestruturas."</p>
AC	<b>Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación.</b>

#### 4. Informe de Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 a 2015

Nos cadros que se insiren, de seguido, figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R1	<u>Orzamento e financiamento sanitario</u> Deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento así como medidas rigorosas para o seu cumprimento.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS. DECISIÓN: Compartida e aplicada. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "Actuación xa realizada: A Comunidade Autónoma de Galicia destina á sanidade os recursos suficientes para prestar unha asistencia sanitaria de calidade, xa que a maiores do orzamento inicial, ao longo dos exercicios e cando resulta necesario, tramítanse modificacións de crédito para financiar os maiores gastos previstos."
AC	<b>Aceptada. Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación (*)</b>

(\*): Nos últimos anos estase a aproximar o orzamento co gasto real do exercicio.

R2	<u>Documento orzamentario – Fondo de Continxencia</u> Recoméndase avaliar a necesidade de consolidar o Fondo de Continxencia nos orzamentos do Sergas. Na medida en que non cumpra as finalidades para o que se crea, debe terse en consideración o efecto de distorsión da información orzamentaria que provoca.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos. DECISIÓN: Non Compartida. CONTESTACIÓNS: "Este fondo cumpre a finalidade para o que se dota e permite ademais un mellor control do gasto. Non obstante, en certa medida consolidouse unha parte do mesmo no capítulo I porque se ten realizado un traballo de avaliación deste capítulo."
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación</b>

R3	<p><u>Rendición de contas</u></p> <p>O organismo autónomo debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, co fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido plan.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Pendente de aplicar.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "ACTUACIÓN PROPOSTA: No marco dos traballos de aprobación dun novo Plan de Contabilidade Pública implantarase no Sergas un sistema que permita coñecer información adicional á aquela de natureza orzamentaria e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do Novo Plan.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: O novo plan de contabilidade pública se aprobaría no ano 2018."</p>
AC	<p><b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación</b></p>

R4	<p>As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no SPSG. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición. (Exercicio 2014).</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.</p> <p>DECISIÓN: Non Compartida e non aplicada.</p> <p>CONTESTACIÓNS: "As fundacións de investigación ás que se refire o informe non cumpren ningún dos requisitos recollidos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público de Galicia. Dende o punto de vista normativo non poderían ter a consideración de fundacións do sector público autonómico e non procede a súa incorporación ao sistema sanitario público de Galicia."</p>
AC	<p><b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación</b></p>

Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R5	<u>Réxime de control</u>
R6	<p>5. Deben reforzarse as actuacións de control, corrixir a demora na elaboración dos informes e realizar o informe global para cada exercicio co fin de permitir unha valoración da xestión económico-financeira do organismo.</p> <p>6. Recoméndase o cumprimento efectivo do previsto nos plans do control financeiro permanente para a avaliación e identificación do importe das obrigas non aplicadas ao orzamento de cada exercicio.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptanse. Aplicadas.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN:</p> <p><b>"ACTUACIÓN XA REALIZADA:</b> No marco dunha mellora continua e do reforzo permanente das actuacións de control do gasto público, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma promoveu a implantación dun novo sistema de control financeiro de ciclo continuo no ámbito do Servizo Galego de Saúde, froito da experiencia acumulada dende a posta en marcha e exercicio do control financeiro permanente no ámbito do Sergas, como consecuencia da aplicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de decembro de 2007, polo que se substituíu a función interventora por un sistema de control financeiro permanente no ámbito do Servizo Galego de Saúde, e por outra banda da necesidade de adaptar a estrutura dos órganos de control á nova organización territorial das estruturas organizativas de xestión integradas do Sergas, unha vez que estiveron plenamente consolidadas.</p> <p>A reforma plasmouse na creación a través do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, de novos equipos de control en cada unha das áreas de xestión integrada dependentes e coordinadas pola Intervención Xeral, así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 27 de abril de 2017, adoptou, por proposta do Conselleiro de Facenda e a iniciativa da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, un acordo polo que se regula o exercicio e materialización do control financeiro de ciclo continuo no ámbito do Servizo Galego de Saúde, en substitución do acordo do 20 de decembro de 2007.</p> <p>Con data 11 de maio de 2017, a Intervención Xeral aprobou o plan de Control para o 2017 no que se determinaban as áreas de actuación así como o alcance específico das mesmas.</p> <p>O principal obxectivo establecido no Plan 2017 foi a implantación do novo sistema de control, tanto dende o punto de vista organizativo e de persoal, tamén se estableceron como obxectivos un seguimento máis próximo no tempo da execución orzamentaria e o seguimento do período medio de pagamento así como o da obtención dun mellor coñecemento do funcionamento das novas estruturas organizativas de xestión integradas do Servizo Galego de Saúde.</p> <p>Por outra banda o Plan de 2017 contempla a realización dunha serie de informes, un por centro, no que se analizasen os procedementos de xestión máis importantes, á data de hoxe xa foron emitidos os informes provisionais e os mesmos atópanse en fase de alegacións nos diferentes centros xestores."</p>
AC	<b>Aplicada</b>

R7	<u>Modificacións orzamentarias</u> As modificacións orzamentarias deben reducirse ás estritamente necesarias para non desvirtuar o seu carácter excepcional.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Non compartida. CONTESTACIÓNS: "Unicamente se tramitan aquelas que son imprescindibles para o funcionamento dos servizos."
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación</b>

R8	As diferentes modalidades de modificacións orzamentarias deben aplicarse conforme ás finalidades previstas; en particular, debe evitarse a utilización de baixas de crédito como alternativa, máxime cando estas non dispoñen dunha canle procedimental e de control establecida normativamente.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Non compartida. CONTESTACIÓNS: "As baixas de crédito como financiamento das ampliacións, créditos extraordinarios ou suplementos de crédito están reguladas no artigo 7.3 da Lei de orzamentos e no artigo 62 do TRLRFOG."
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R9	<p><u>Execución e liquidación orzamentaria</u></p> <p>Deben mellorarse os procesos de rexistro de ingresos e gastos, evitando que se produzan desaxustes e duplicidades no orzamento.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN:</p> <p><u>"Actuación xa realizada:</u> Tanto os ingresos como os gastos rexístranse a través dos correspondentes rexistros contables en función da fase de execución orzamentaria. O recoñecemento de compromisos de ingresos que non estaban previstos inicialmente e que encaixan en algún dos supostos de xeración de crédito, tramítase simultaneamente ao expediente de xeración de crédito. Neste caso, os expedientes de recoñecemento do compromiso de ingreso e de xeración de crédito son tramitados simultaneamente pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tal e como indica a <i>Orde do 27 de xullo de 2000 sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital</i>. Deste xeito, queda rexistrada contablemente tanto a modificación sobre o orzamento de ingresos (mediante o documento MICC) como a modificación sobre o orzamento de gastos (a través dos documentos MC que instrumentan a xeración de crédito).</p> <p>Atendendo ás recomendacións do Consello de Contas, con data 17 de abril de 2015 ditouse unha <i>Resolución conxunao da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Xeral, para a aplicación da Orde do 27 de xullo de 2000 sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.</i>"</p>
AC	<b>Aceptada. Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación. (*)</b>

(\*): Únicamente aplícase aos capítulos IV e VII do orzamento de ingresos.

R10	<p>Considérase conveniente regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores, en especial os de maior antigüidade.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.</p> <p>DECISIÓN: Compartida. Non aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <u>"Actuación proposta:</u> Proponse unha actuación conxunta entre o Servizo Galego de Saúde e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para proceder á regularización das obrigas e dereitos pendentes de exercicios anteriores.</p> <p>Os órganos responsables son a Consellería de Sanidade e a Consellería de Facenda.</p> <p>Tratarase de establecer o procedemento de anulación, iniciando a depuración no presente exercicio.</p> <p><u>Prazo de implantación:</u> Non implantada"</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento das recomendacións - 46





R11	É preciso evitar o uso extensivo do concepto de investimentos de carácter inmaterial para rexistrar gastos cuxa natureza non responde a gastos de capital.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.  DECISIÓN: Compartida e aplicada.  ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: " <u>Actuación xa realizada:</u> No orzamento inicial de 2018 do Servizo Galego de Saúde, os investimentos de carácter inmaterial representan un 2,07 % sobre o total dos investimentos. A imputación ao concepto 640 redúcese a gastos derivados de campañas de información sanitaria, así como os derivados da execución de programas de investimentos que teñen un carácter inmaterial."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

R12	<u>Xestión orzamentaria</u>  Debe establecerse un marco que regule o proceso de imputación contable dos gastos derivados de compromisos contraídos sen a existencia de crédito ou sen someterse aos procedementos previstos legalmente para o seu recoñecemento. Así mesmo, o sistema contable debe establecer a correspondente referencia para a súa identificación.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.  DECISIÓN: Compartida e aplicada.  ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: " <u>Actuación xa realizada:</u> O Servizo Galego de Saúde dita todos os anos unhas instrucións internas para a determinación do importe das obrigas pendentes de recoñecer a 31 de decembro de cada exercicio polos centros de gasto do Servizo Galego de Saúde. Nestas instrucións indícase como deben rexistrar as obrigas pendentes a finais do exercicio, a data límite para o seu rexistro, a imputación orzamentaria (programa e aplicación económica), así como o trimestre a que corresponden.  Co obxecto de identificar e diferenciar os pagamentos das obrigas pendentes do restos dos documentos de obrigas do exercicio, nos documentos contables deberá constar a seguinte información:  - No campo de imputación indícarase o ano ao que corresponde a factura ou facturas que se abonan."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R13	<p><u>Entidades vinculadas</u></p> <p>Recoméndase a homoxeneización dos instrumentos de relación entre o Sergas e estas entidades así como das epígrafes orzamentarias con cargo ás que se financian, en particular, debe excluírse as relativas ao rexistro de gastos por actividade realizada con medios alleos (concertos). Estes instrumentos deben establecer as condicións para unha axeitada determinación do custo das prestacións que se acordan.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "<u>Actuación xa realizada</u>: A partir do ano 2016 as Fundacións Públicas fináncianse a través das transferencias do Sergas e non a través do capítulo de gastos correntes en bens e servizos, segundo se recolle na Orde do 23 de xullo do 2015 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos para o ano 2016. A mesma clasificación económica recóllese nas sucesivas ordes de elaboración dos orzamentos."</p>
AC	<b>Aplicada.</b>

R14	<p><u>Actividade concertada</u></p> <p>Recoméndase a regularización dos concertos que se manteñen no tempo sen soporte contractual axeitado, así como as autorizacións de uso de elevada antigüidade.</p>
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS.</p> <p>DECISIÓN: Compartida e aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "<u>Actuación proposta</u>: Na EOXI de A Coruña, estase tramitando neste momento unha nova licitación (acordo marco), de asistencia sanitaria especializada, que substituirá ás autorizacións de uso actuais e os centros hospitalarios San Rafael, Modelo e Santa Teresa (actualmente Hospital Quirón).</p> <p>En 2017 asinouse o novo contrato co Centro Oncolóxico de Galicia (ata ese momento con autorización de uso). De xeito excepcional recórrese á figura da autorización de uso no período transitorio entre a finalización dun contrato ata a adxudicación do novo.</p> <p>Órganos responsable: Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.</p> <p><u>Prazo de implantación</u>: Implantado.</p> <p>Como se indicou anteriormente, esta recomendación está implantada nalgún caso, ou en proceso de implantación noutros."</p>
AC	<b>Aceptada. Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento das recomendacións - 48

R15	<u>Gasto farmacéutico</u> Deben establecerse modificacións na estrutura orzamentaria para que a información contable permita recoñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico e posibilite a súa análise específica como elemento determinante e de representatividade significativa no gasto sanitario.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS. DECISIÓN: Non compartida e non aplicada. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: " <u>Actuación proposta</u> : Reitérase o indicado en alegacións anteriores a esta recomendación. O gasto farmacéutico impútase a dous conceptos orzamentarios: - O gasto farmacéutico hospitalario impútase ao capítulo 2 (concepto 221,06) - O gasto en receitas derivadas da prestación farmacéutica ao capítulo 4 (concepto 489.0) Aínda que os compoñentes poden ser variados no caso das receitas de farmacia (medicamentos, absorbentes, tiras de glucemia), si está perfectamente definido que parte corresponde a farmacia hospitalaria e cal a farmacia mediante receitas.  Considérase que a través da estrutura orzamentaria (orgánica, funcional ou económica), non é posible recoñecer os distintos compoñentes do gasto farmacéutico."
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

R16	<u>Tesouraría</u> Deberíase proceder á actualización da normativa reguladora do fondo de manobra e á implementación de criterios uniformes para a xestión e xustificación dos gastos, así como a homoxeneización e control da procedencia deles.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Sanidade SERGAS. DECISIÓN: Compartida e non aplicada. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: " <u>Actuación proposta</u> : Por parte da Dirección Xeral de Recursos Económicos, iniciouse a tramitación da regulación do fondo de manobra, incluíndo determinados conceptos do capítulo 4 (entregas por desprazamento e reintegro de gastos ortoprotésicos e de vehículos para inválidos).  Órganos responsable: Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde/Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. <u>Prazo de implantación</u> : É intención deste organismo a súa implantación ao longo do exercicio 2018."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

R17	<u>Inmobilizado material</u> Recoméndase un maior rigor no procedemento de incorporación dos bens móbiles ao inventario considerando o exercicio da súa adquisición e evitando así as demoras que distorsionan a imaxe real da situación patrimonial do organismo.
C	NON CONTESTADA
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R18	Deberá procederse á actualización do inventario de bens de todos os centros, tanto no que se refire ao número de elementos que o compoñen coma á súa valoración.
C	NON CONTESTADA
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

## 5. Informe de fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Dependentes. Exercicios 2012 a 2015

Nos cadros que se insiren, de seguido, figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

R1	Modificar a normativa de réxime financeiro e orzamentaria, en particular en materia contable e de control, para conciliar a definición de sector público contido na LOFAXGA co perímetro dos orzamentos, as entidades incluídas na Conta Xeral da Comunidade e as sometidas a control interno, nas súas distintas modalidades, por parte da Intervención Xeral.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.  DECISIÓN: Non se acepta.  CONTESTACIÓNS: "A clasificación de entidades prevista na LOFAXGA responde esencialmente a súa natureza xurídica. Porén nas leis anuais de Orzamentos determináanse as entidades que se inclúen no perímetro do orzamento atendendo aos criterios da normativa de estabilidade orzamentaria, que non ten porque ser coincidentes e que ademais varían ano a ano. Ademais na Conta Xeral se inclúe a información de todas aquelas entidades que se atopan nos orzamentos da comunidade autónoma."
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación.</b>

R2	Poñer en marcha o rexistro das entidades dependentes prevista na LOFAXGA e establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.  DECISIÓN: Acéptase. Pendente de aplicar.  ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma estase a traballar na posta en marcha do Rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 6 aprobada pola Comisión Permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas na súa sesión de 27 de abril de 2017. <b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Intervención Xeral da Comunidade Autónoma <b>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</b> A aprobación do Decreto regulador así como a súa efectiva posta en marcha terá lugar no ano 2018."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

## Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R3	Dotar de maior transparencia o proceso de racionalización do sector público instrumental mediante a publicación de información accesible acerca dos obxectivos establecidos e do seu grao de realización.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa. DECISIÓN: Acéptase. Aplicada. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "O Portal de Transparencia e goberno aberto de Galicia ofrece información sobre os últimos datos actualizados dos procesos de reordenación do sector público autonómico no seguinte enderezo web: <a href="https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/organizacion-das-entidades-instrumentais">https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/organizacion-das-entidades-instrumentais.</a> "
AC	<b>Aplicada</b>

R4	Render ata a súa extinción definitiva as contas das entidades que se atopan en proceso de disolución.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. DECISIÓN: Acéptase. Pendente de aplicar. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma realizaranse requirimentos periódicos as entidades que se atopan en proceso de disolución para que procedan a enviar as súas contas anuais aos efectos da súa inclusión na Conta Xeral. <b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Intervención Xeral da Comunidade Autónoma <b>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</b> Ano 2018, co obxecto de incluír estas contas anuais na conta xeral do ano 2017."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación</b>

R5	Render as contas dos fondos de capital risco nos que a participación pública da administración autonómica galega sexa maioritaria.
C	ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. DECISIÓN: Acéptase. Pendente de aplicar. ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: " <b>ACTUACIÓN PROPOSTA:</b> Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma realizaranse requirimentos periódicos as entidades que os xestionan para que nas súas contas anuais integren as dos fondos de capital risco por elas xestionadas aos efectos da súa inclusión na Conta Xeral. <b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Intervención Xeral da Comunidade Autónoma <b>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</b> Ano 2018, co obxecto de incluír estas contas anuais na conta xeral do ano 2017."
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación</b>

## Información sobre o seguimento das recomendacións - 52

R6	6. Actualizar o marco de contabilidade pública ben mediante a aprobación dun novo plan galego ou ben acolléndose o plan xeral de contabilidade pública aprobado pola administración central.
R7	7. Xerar información contable consolidada que ofrezca unha visión global da situación económica do sector público autonómico. En particular, en liña coa memoria dos orzamentos iniciais, incluír na Conta Xeral un estado de liquidación orzamentario de gastos e ingresos do conxunto do sector público autonómico.
R8	8. Incluír na memoria dos organismos autónomos a información prevista no plan público co fin de que estas poden explicar, comentar e ampliar a información dos restantes estados contables.
R9	9. Elaborar instrucións, guías e resolucións que desenvolvan a normativa contable, en particular, desenvolver o formato e contido da información económico-financeira que deben achegar as entidades instrumentais, así como a información adicional que deben facilitar as entidades sometidas ao plan de contabilidade privado.
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptanse. Pendentes de aplicar.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>“ACTUACIÓN PROPOSTA:</b> É preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico.</p> <p>Ademais nos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma realizarase unha revisión do contido das memorias.</p> <p><b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p><b>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</b> O novo plan de contabilidade pública se aprobaría no ano 2018.”</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación</b>
R10	Instar aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión.
C	NON CONTESTADA
AC	<b>Non aceptada. Non aplicada.</b>

Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

R11	Establecer sistemas de control sobre os consorcios, os fondos de capital risco e as fundacións e sociedades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario. (Exercicio 2015).
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Parcialmente aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: "De conformidade co disposto no artigo 122.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, realizouse pola Intervención Xeral a auditoría das contas anuais do ano 2016 dos consorcios autonómicos."</p> <p><b>"ACTUACIONES A REALIZAR:</b> Aínda que na actualidade os fondos de capital risco contrólense no marco do control realizado de acordo co plan de control financeiro permanente sobre as sociedades que os xestionan e que están suxeitas ao acordo de control conforme a súa natureza xurídica (SODIGA e XESGALICIA), considerase conveniente incrementar o control realizado directamente nos fondos de capital risco polo que se incluírán no próximo plan de control financeiro.</p> <p>Polo que respecta aos consorcios, ademais de continuar auditando as súas contas anuais, incluíranse no próximo plan anual de control financeiro permanente.</p> <p>Por último, en canto as fundacións e sociedades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario, realizarase un estudo daquelas nas que concorran estas circunstancias aos efectos da súa inclusión no próximo plan de control financeiro.</p> <p><b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN : Ao longo do ano 2018."</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.</b>

R12	Xuntar ás contas os informes de auditoría e render toda esta información ao Consello de Contas. (Exercicio 2015).
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Parcialmente aplicada.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: <b>"ACTUACIONES A REALIZAR:</b> Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma realizaranse requirimentos periódicos ás entidades para que xunto coas contas anuais aprobadas remitan o informe de auditoría aos efectos da súa inclusión na Conta Xeral.</p> <p><b>ÓRGANO RESPONSABLE:</b> Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Ano 2018, co obxecto de incluír os informes e auditoría na conta xeral do ano 2017."</p>
AC	<b>Aceptada. Pendente de aplicar. Mantense a recomendación</b>



R13	Someter a avaliación periódica o funcionamento das axencias para vulgar se están a cumprir os seus obxectivos e constitúe a forma máis eficiente para acadalos. (Exercicio 2015).
C	<p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa.</p> <p>DECISIÓN: Acéptase. Aplicada permanentemente.</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS/PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS/PRAZO DE REALIZACIÓN: En cumprimento da normativa reguladora actual, as axencias públicas autonómicas e as demais entidades integrantes do sector público autonómico están sendo permanentemente sometidas a pautas de avaliación e control en distintos ámbitos.</p> <p>Así, dende o ano 2009 comezouse a analizar o funcionamento dos entes públicos no ano 2009 e, a data de hoxe, a práctica totalidade do sector público autonómico galego foi sometido a procesos de auditoría e análise a través de 3 Plans de racionalización da administración instrumental, dos que se fai un seguimento semestral, converténdose Galicia na primeira administración pública do Estado en romper a tendencia expansiva que viña caracterizando a evolución do sector público en anos anteriores, ao abordar un proceso integral de mellora e simplificación.</p> <p>Nesta liña de control, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, recolle unha regulación do sector público autonómico que asegura que a actuación das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico se suxeite ao dereito administrativo sempre que exerzan potestades administrativas. En todo caso, ademais, as entidades instrumentais, actúan baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico, como se deriva do artigo 2 da Lei.</p> <p>A suxeición ao dereito administrativo no uso de potestades administrativas así, como o control, dependencia e tutela da administración xeral son unha garantía evidente no funcionamento destas entidades.</p> <p>Ademais, xa dende ese ano 2010, se introduciron medidas tendentes a racionalizar e controlar a eficacia e a eficiencia das mesmas, entre as que se atopan, entre outras, os plans anuais de actuación, os contratos plurianuais de xestión ou as comisións respectivas de seguimento do cumprimento dos seus obxectivos. Pola súa banda, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico. En particular, esta Lei regula a racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico, a simplificación e racionalización administrativas e redución de cargas, así como a guía de procedementos e servizos, medias que contribúen ao control da actividade das entidades do sector público autonómico.</p> <p>Todas estas medidas fortalecen o control das entidades do sector público autonómico.</p> <p>A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, recolle unha regulación que garante os dereitos que asisten a cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico galego e, en particular, regula os mecanismos que aseguran o cumprimento efectivo destes dereitos coa finalidade de garantir uns servizos públicos de calidade que sirvan con obxectividade aos intereses xerais.</p> <p>A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, afonda no control das entidades dado que expresa que a asistencia xurídica será prestada pola Asesoría Xurídica Xeral á Administración xeral da Comunidade Autónoma e ao sector público autonómico de acordo co establecido nesta lei.</p> <p>Sen dúbida, a prestación da asistencia xurídica pola Asesoría Xurídica Xeral ás entidades do sector público representa, en definitiva, unha importante garantía de control do funcionamento destas entidades.</p> <p>Por último, debe terse en conta o control no funcionamento das entidades do sector público mediante o exercicio das funcións de control no aspecto económico financeiro e orzamentario que se realizan a través da Intervención Xeral da Administración autonómica.”</p>
AC	<b>Non verificada. Mantense a recomendación</b>



## ANEXO 2. ESTATÍSTICA DAS RECOMENDACIÓN S VIXENTES E GRAO DE APLICACIÓN

Nº	INFORMES DE FISCALIZACIÓN EX. 2012 ao 2015	NÚMERO DE RECOMENDACIÓN S OBXECTO DE SEGUIMENTO	GRAO APLICACIÓN SEGUNDO AS ENTIDADES FISCALIZADAS				GRAO APLICACIÓN SEGUNDO O CONSELLO DE CONTAS				
			NON ACEPTADAS NON APLICADAS	ACEPTADAS			NON APLICADAS	ACEPTADAS			(*) NON VERIFICADAS
				APLICADAS	APLICADAS PARCIALMENTE	PENDENTES DE APLICAR		APLICADAS	APLICADAS PARCIALMENTE	PENDENTES DE APLICAR	
1	Fondos de Compensación Interterritorial	7	2	2	0	3	4	0	0	3	0
2	Fondos procedentes da Unión Europea.	11	1	8	0	2	1	0	0	2	8
3	Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	13	4	4	1	4	4	0	4	4	1
4	Conta Xeral do SERGAS	18	7	8	0	3	7	3	3	5	0
5	Entidades Públicas Dependentes.	13	2	2	2	7	2	1	0	9	1
<b>Total</b>		<b>62</b>	<b>16</b>	<b>24</b>	<b>3</b>	<b>19</b>	<b>18</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>23</b>	<b>10</b>

(\*): Non verificada: Aínda que as entidades fiscalizadas aceptan ou mesmo aplican (total ou parcialmente) as recomendacións, precísase realizar probas adicionais para contrastar o manifestado polas entidades,

o cal excede o alcance previsto neste traballo. Estas probas adicionais levaranse a cabo na realización da correspondente fiscalización.

### ANEXO 3. CADRO RESUMO DAS RECOMENDACIÓNS VIXENTES E GRAO DE APLICACIÓN

Informe	Recomendación número	Exercicio fiscalizado orixe da recomendación	Entidade que Formula a contestación á recomendación	Contestación da entidade fiscalizada	Grao de aplicación	Ano da implantación	Avaliación do Consello de Contas
Fiscalización FFCCII. Ex. 2012 a 2015	1	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	2	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	3	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Aceptada	Aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	4	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	5	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	6	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	7	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.

Informe	Recomendación número	Exercicio fiscalizado orixe da recomendación	Entidade que Formula a contestación á recomendación	Contestación da entidade fiscalizada	Grao de aplicación	Ano da implantación	Avaliación do Consello de Contas
Fiscaliz. FFEE. Ex 2012 a 2015	1	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	2	2013-2014	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	3	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	4	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	5	2012-2013	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	6	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	7	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	8	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	9	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	10	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	11	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación

Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

Informe	Recomendación número	Exercicio fiscalizado orixe da recomendación	Entidade que Formula a contestación á recomendación	Contestación da entidade fiscalizada	Grao de aplicación	Ano da implantación	Avaliación do Consello de Contas
Fiscaliz. Conta Xeral C.A. Ex. 2012 a 2015	1	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	2	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	3	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	4	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	5	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	6	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	7	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Aceptada	Aplicada	N/A	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación
	8	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Aplicada	N/A	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación
	9	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	10	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación
	11	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Parcialmente aplicada	2018	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación
	12	2012 ao 2015	DX POLIT FIN, TESOURO E FFEE	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	13	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Aplicada	N/A	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación

Informe	Recomendación número	Exercicio fiscalizado orixe da recomendación	Entidade que Formula a contestación á recomendación	Contestación da entidade fiscalizada	Grao de aplicación	Ano da implantación	Avaliación do Consello de Contas
Fisc. Conta xeral SERGAS. Ex. 2012 ao 2015	1	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Aplicada	N/A	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación
	2	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	3	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	4	2014	CONSELL SANIDADE SERGAS	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	5	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Aplicada	2018	Aplicada
	6	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Aplicada	2018	Aplicada
	7	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	8	2012 ao 2015	DX PLANIF E ORZAM	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	9	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Aplicada	2018	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación
	10	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Pendente de aplicar	N/A	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación.
	11	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Aplicada	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	12	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Aplicada	N/A	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	13	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Aplicada	2016	Aplicada
	14	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Aplicada	2018	Aplicada parcialmente. Mantense a recomendación
	15	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	16	2012 ao 2015	CONSELL SANIDADE SERGAS	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	17	2012 ao 2015		Non contestada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	18	2012 ao 2015		Non contestada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación

Información sobre o seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2015

Informe	Recomendación número	Exercicio fiscalizado orixe da recomendación	Entidade que Formula a contestación á recomendación	Contestación da entidade fiscalizada	Grao de aplicación	Ano da implantación	Avaliación do Consello de Contas
Fiscaliz. EPPP Dependentes. Ex. 2012 ao 2015	1	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Non aceptada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	2	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	3	2012 ao 2015	DX AVALIACIÓN E REF ADMTVA	Aceptada	Aplicada	2018	Aplicada
	4	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	5	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	6	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	7	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	8	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	9	2012 ao 2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Pendente de aplicar	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	10	2012 ao 2015		Non contestada	Non aplicada	N/A	Non aplicada. Mantense a recomendación
	11	2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Parcialmente aplicada	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	12	2015	INTERVENCIÓN XERAL DA CA	Aceptada	Parcialmente aplicada	2018	Pendente de aplicar. Mantense a recomendación
	13	2015	DX AVALIACIÓN E REF ADMTVA	Aceptada	Aplicada	N/A	Non verificada. Mantense a recomendación



**ANEXO 4. CADRO COMPARATIVO DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS E A SÚA AVALIACIÓN  
INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL 2012 AO 2015**

CONCLUSIÓN	CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS POLAS ENTIDADES FISCALIZADAS	AVALIACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS POLO CONSELLO DE CONTAS
	RECOMENDACIÓN Nº	RECOMENDACIÓN Nº
Aceptada. Totalmente aplicada	3-5	---
Aceptada. Parcialmente aplicada	---	---
Aceptada. Pendente de aplicar	2-6-7	2-6-7
Non aceptada. Non aplicada	1-4	1-3-4-5
Non contestada	---	---
Non verificada	---	---

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS 2012 AO 2015**

CONCLUSIÓN	CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS POLAS ENTIDADES FISCALIZADAS	AVALIACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS POLO CONSELLO DE CONTAS
	RECOMENDACIÓN Nº	RECOMENDACIÓN Nº
Aceptada. Totalmente aplicada	1-2-3-4-6-9-10-11	---
Aceptada. Parcialmente aplicada	---	---
Aceptada. Pendente de aplicar	5-8	5-8
Non aceptada. Non aplicada	7	7
Non contestada	---	---
Non verificada	---	1-2-3-4-6-9-10-11

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2012 AO 2015**


CONCLUSIÓN	CONTESTACIÓN ÁS RECOMENDACIÓN POLAS ENTIDADES FISCALIZADAS	AVALIACIÓN DAS RECOMENDACIÓN POLO CONSELLO DE CONTAS
	RECOMENDACIÓN Nº	RECOMENDACIÓN Nº
Aceptada. Totalmente aplicada	7-8-10-13	---
Aceptada. Parcialmente aplicada	11	7-8-11-13
Aceptada. Pendente de aplicar	1-2-3-12	1-2-3-12
Non aceptada. Non aplicada	4-5-6-9	4-5-6-9
Non contestada	---	---
Non verificada	---	10

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERGAS 2012 AO 2015**

CONCLUSIÓN	CONTESTACIÓN ÁS RECOMENDACIÓN POLAS ENTIDADES FISCALIZADAS	AVALIACIÓN DAS RECOMENDACIÓN POLO CONSELLO DE CONTAS
	RECOMENDACIÓN Nº	RECOMENDACIÓN Nº
Aceptada. Totalmente aplicada	1-5-6-9-11-12-13-14	5-6-13
Aceptada. Parcialmente aplicada	---	1-9-14
Aceptada. Pendente de aplicar	3-10-16	3-10-11-12-16
Non aceptada. Non aplicada	2-4-7-8-15	2-4-7-8-15-17-18
Non contestada	17-18	---
Non verificada	---	---

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS ENTIDADES PÚBLICAS DEPENDENTES 2012 AO 2015**

CONCLUSIÓN	CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS POLAS ENTIDADES FISCALIZADAS	AVALIACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS POLO CONSELLO DE CONTAS
	RECOMENDACIÓN Nº	RECOMENDACIÓN Nº
Aceptada. Totalmente aplicada	3-13	3
Aceptada. Parcialmente aplicada	11-12	---
Aceptada. Pendente de aplicar	2-4-5-6-7-8-9	2-4-5-6-7-8-9-11-12
Non aceptada. Non aplicada	1	1-10
Non contestada	10	---
Non verificada	---	13



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727